Capítulo I

Contido

1. Antecedentes, contexto e marco legal 2
2. Definición e Obxectivos 3
   2.1. Definición 3
   2.2. Obxectivos 4
3. Ámbito de aplicación 5
   3.1. Alcance xeográfico 5
   3.2. Alcance corporativo 7

1. ANTECEDENTES, CONTEXTO E MARCO LEGAL

A Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar, ratificada por España o 20 de decembro de 1996, destaca a obriga dos estados de protexer e preservar o medio mariño polo que deberán tomar todas as medidas para previr, reducir e controlar a contaminación do medio mariño procedente de calquera fonte. Para estes efectos, promove que os estados utilicen os medios máis viables dos que dispoñan e harmonicen as súas políticas ao respecto.

O Convenio internacional sobre cooperación, preparación e loita contra a contaminación por hidrocarburos de 1990 (OPRC 90), ratificado por España o 12 de xaneiro de 1994 e en vigor dende o 13 de maio de 1995, e o seu Protocolo sobre substancias nocivas e potencialmente perigosas (OPRC-HNS 2000), ratificado por España o 27 de xaneiro de 2005 e en vigor dende o 14 de xuño de 2007, teñen como obxectivo a cooperación internacional, a asistencia mutua en incidentes maiores de contaminación mariña, e o desenvolvemento e mantemento nos Estados Parte da adecuada capacidade de preparación e resposta a estas emerxencias. Ambos os dous establecen a obriga de elaborar plans específicos de preparación e loita contra a contaminación mariña nos que se teñan en conta as directrices elaboradas pola Organización Marítima Internacional (OMI). Para cumprir con estas obrigas, a Administración Estatal aprobou o Sistema Nacional de Resposta ante a contaminación mariña segundo establecen o Real Decreto 1695/2012, de 21 de decembro, a Orde AAA/702/2014, do 28 de abril, pola que se aproba o Plan Estatal de Protección da Ribeira do Mar contra a contaminación e a Orde FOM/1793/2014, do 22 de setembro, pola que se aproba o Plan Marítimo Nacional de resposta ante a contaminación do medio mariño.

O litoral galego alberga numerosas actividades antropoxénicas e un tráfico marítimo anual de cerca de 40.000 buques en tránsito polo Dispositivo de Separación de Tráfico, dos que aproximadamente un 35% transportan nas súas adegas ou tanques sustancias ou mercadorías consideradas perigosas para o medio ambiente mariño. Estas circunstancias supoñen un risco potencial de contaminación das zonas costeiras tal e como desafortunadamente quedou demostrado en repetidas ocasións ao longo da historia. Galicia ten sufrido diante das súas costas episodios moi graves de contaminación mariña accidental procedente de buques de todo tipo, o que fai que a sociedade galega sexa especialmente sensible ante estas situacións. Neste contexto, a cidadanía debe ter a seguridade de que se establecen os mecanismos necesarios para

a protección dos bens con importancia socioeconómica e ambiental ante este tipo de episodios.

Dende o ano 2003 Galicia ven contando con diferentes normas encamiñadas á protección das nosas costas fronte á contaminación mariña accidental. No ano 2012, o novo escenario normativo derivado da entrada en vigor do Protocolo OPRC-HNS 2000, e tendo en conta a experiencia acumulada así como os avances tecnolóxicos e melloras existentes na loita contra a contaminación mariña, fíxose necesaria a revisión do marco xeral de actuación a nivel autonómico ante unha continxencia deste tipo co obxecto de mellorar a eficacia na resposta. Dita revisión culminou coa publicación do Decreto 155/2012, do 5 de xullo, polo que se regula a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia, e coa aprobación por acordo do Consello da Xunta de Galicia, adoptado na súa reunión do 27 de setembro de 2012, do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante Plan Camgal), publicado mediante Resolución do 28 de setembro de 2012.

No ano 2016, atendendo novamente á experiencia acumulada na implantación do Decreto 155/2012 e tendo en conta o novo escenario normativo derivado da entrada en vigor do Sistema Nacional de Resposta ante a contaminación mariña, a Xunta de Galicia aprobou o Decreto 135/2016, do 6 de outubro, polo que se regulan a estrutura e a organización do Plan Camgal. Este decreto xunto coa normativa autonómica, nacional e comunitaria relacionada coa protección do mar, a protección do medio ambiente e a protección civil, constitúe o marco normativo no que se desenvolve este documento que define o Plan Camgal.

O Plan Camgal incorpora o traballo conxunto de revisión levado a cabo polos departamentos involucrados na planificación e coordinación das actuacións a nivel territorial.

2. DEFINICIÓN E OBXECTIVOS

2.1. Definición

O Plan Camgal é o instrumento mediante o cal a Xunta de Galicia determina o protocolo de actuación dos distintos departamentos da Comunidade Autónoma que

teñen competencia directa na resposta ante as continxencias por contaminación mariña accidental, así como a participación que a outras administracións lles corresponde neste tipo de sucesos. O Plan Camgal recolle de modo escrito:

- as persoas e departamentos responsables,
- os medios materiais e humanos que se dispoñen,
- as zonas de actuación e a súa delimitación xeográfica,
- as funcións e os criterios de resposta,
- a coordinación con outros plans de actuación.

En definitiva, trátase de que nunha situación de crise como é a derivada dun suceso accidental que provoca contaminación mariña, todos e cada un dos axentes coñezan de antemán o seu papel e grado de participación.

2.2. Obxectivos

O obxectivo fundamental do Plan Camgal é obter na Comunidade Autónoma de Galicia, a máxima protección para as persoas, o medio ambiente e os bens que resulten ou poidan resultar afectados en calquera continxencia derivada de sucesos relacionados coa contaminación mariña accidental.

Aos efectos considérase suceso de contaminación mariña o disposto no artigo 2 do Sistema Nacional de Resposta, isto é un acontecemento ou serie de acontecementos da mesma orixe que supoñan a introdución directa ou indirecta no medio mariño de sustancias ou enerxía que provoquen ou poidan provocar efectos nocivos (como riscos para a saúde humana, prexuízos aos recursos vivos e aos ecosistemas mariños ou costeiros, incluída a perda de biodiversidade, os obstáculos ás actividades marítimas, especialmente á pesca, ao turismo, ás actividades de ocio e demais usos lexítimos do mar, unha alteración da calidade das augas mariñas que limite a súa utilización e unha redución do seu valor recreativo, ou, en termos xerais, un menoscabo do uso sostible dos bens e servizos mariños), e que esixan medidas de emerxencia ou outra resposta inmediata.

Ademais do obxectivo xeral, defínense como obxectivos específicos os seguintes:

1. Planificar e coordinar a resposta a nivel territorial dos distintos medios capaces de realizar operacións de loita contra a contaminación mariña accidental, pertencentes ás diversas administracións, así como a institucións públicas e privadas.

2. Potenciar a utilización axeitada e a mellora dos medios de loita contra a contaminación mariña accidental así como fomentar a capacitación de persoal especializado a nivel territorial.

Co fin de acadar estes obxectivos, neste documento establécense un conxunto de normas e procedementos básicos de actuación, a estrutura de organización e o sistema de resposta das administracións públicas fronte a un episodio de contaminación mariña accidental que se produza ou afecte ao litoral da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. ÁMBITO DE APLICACIÓN

3.1. Alcance xeográfico

O alcance territorial do Plan Camgal é o litoral da Comunidade Autónoma de Galicia. Co fin de facilitar a coordinación das operacións de resposta ao longo de todo o territorio da Comunidade Autónoma, establécense as seguintes zonas no litoral (ver Figura I.1):

	Ámbito	Límites
Zona 1	Rías de Ribadeo, Foz, Viveiro, Barqueiro, e Ortigueira	Desde a liña marítima imaxinaria que divide Galicia e Asturias ata Punta dos Aguillóns
Zona 2	Rías de Cedeira, Ferrol, Ares-Betanzos, e A Coruña	Desde Punta dos Aguillóns ata Punta Atalaia
Zona 3	Rías de Corme-Laxe, Camariñas, Corcubión e Muros-Noia	Desde Punta Atalaia ata Cabo Corrubedo
Zona 4	Ría de Arousa	Desde Cabo Corrubedo ata Punta Faxilda
Zona 5	Rías de Pontevedra e Vigo	Desde Punta Faxilda ata Punta dos Picos



Figura I.1. Zonas de actuación do Plan Camgal

3.2. Alcance corporativo

Os principais organismos e entidades involucrados na operatividade do Plan Camgal son:

- Xunta de Galicia:
  - Consellería do Mar
    - Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR)
    - Portos de Galicia
    - Centro Tecnolóxico do Mar (Fundación CETMAR)
  - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
  - Consellería de Infraestruturas e Mobilidade
    - Augas de Galicia
  - Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo
  - Consellería de Sanidade
  - Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
  - Consellería de Emprego e Igualdade
    - Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA)
  - Consellería de Facenda
  - Consellería de Política Social
- Delegación do Goberno en Galicia
- Ministerio de Fomento, Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
  - Dirección Xeral da Mariña Mercante
  - Sociedade Estatal de Salvamento Marítimo (Sasemar)
  - Portos do Estado
- Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico
  - Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar
- Corpos de orde e seguridade
- Concellos litorais
- Servizos de Protección Civil, Servizos de Bombeiros e Servizos Sanitarios de emerxencia
- Confrarías de Pescadores, Organizacións do sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura
- Centros de investigación (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo, Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo do

Consello Superior de Investigacións Científicas e os Centros Oceanográficos de A Coruña e Vigo do Instituto Español de Oceanografía).

Capítulo II

Contido

1. Antecedentes 2
2. Análise de risco 2
3. Información Soporte. 5
   3.1. A Imaxe Común Operativa (ICO) 5
   3.2. Capas de información incluídas na IDE do Plan Camgal 6

1. ANTECEDENTES

Á hora de estruturar a resposta ante un episodio de contaminación mariña accidental é fundamental coñecer, na medida do posible, os perigos que ameazan a costa, a vulnerabilidade da mesma ante ditos perigos e establecer así o risco ao que esta se enfronta. Unha boa análise de risco permite aos xestores da resposta establecer plans de actuación específicos adaptados a cada circunstancia. Non obstante, a pesar das bondades dunha axeitada análise de risco, cómpre ter en conta que a aparición de novos riscos ou de circunstancias extraordinarias non contempladas nela, esixe aos plans de continxencias abarcar un amplo espectro de situacións e manter un proceso continuo de avaliación dos cambios no risco ao que se enfrontan.

Neste senso, o Sistema Nacional de Resposta de acordo coas recomendacións da Organización Marítima Internacional (OMI) e ao obxecto de contar cunha terminoloxía e indicadores homoxéneos en todos os plans de continxencias, inclúe no seu artigo 5 a obrigatoriedade destes de contar cunha análise de riscos e áreas vulnerables, na que se faga unha avaliación dos posibles riscos de contaminación en función das condicións meteorolóxicas, oceanográficas e ambientais, identificando as áreas máis vulnerables a protexer.

Por outra banda, no momento dun episodio de contaminación mariña accidental é necesario non só un bo coñecemento do risco senón tamén contar coa información máis detallada e actualizada posible. Esta información debe ademais estar dispoñible dunha maneira rápida e comprensible que axilice a xestión da mesma polos distintos actores que interveñen na resposta, axeitándose ás necesidades deles e facilitándolles a toma de decisións estratéxicas e operativas.

Neste capítulo recóllense os dous mecanismos cos que conta o Plan Camgal para cubrir as dúas necesidades expostas anteriormente, é dicir, a análise do risco ao que se ve sometida a costa galega e as ferramentas baseadas nos Sistemas de Información Xeográfica que permiten a xestión da información necesaria durante as continxencias.

2. ANÁLISE DE RISCO

O litoral galego presenta unha realidade complexa tanto desde un punto de vista ambiental como desde un punto de vista socioeconómico, nel albérganse hábitats

moi diversos que van desde zonas de acantilado exposto ata áreas de marisma de gran valor ecolóxico. Así mesmo, se caracteriza por unha elevada densidade de poboación e un importante peso do sector pesqueiro, marisqueiro, industrial e turístico. A inmensa riqueza medioambiental, social, económica e cultural da costa de Galicia vese diariamente ameazada polo risco de sufrir unha contaminación mariña accidental. Este risco é inherente á presenza de numerosas instalacións na beiramar susceptibles de provocar unha vertedura de produtos contaminantes, así como ao intenso tráfico marítimo que soporta o litoral galego.

O Plan Camgal conta cunha exhaustiva **análise do risco** de sufrir unha contaminación accidental que soporta a costa galega. Esta análise baséase nunha metodoloxía, recollida no Capítulo II Anexo Análise de riscos, que ten en conta os principais perigos existentes e determina a vulnerabilidade costeira, provendo mapas de risco para as diferentes zonas da costa. Ademais, tendo en conta a relevancia medioambiental que supón a presencia do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, o Plan Camgal conta tamén cunha análise de risco específica para esta área que se inclúe no Plan *Illas Atlánticas* desenvolvido para facer fronte a episodios de contaminación accidental que puidesen afectar a esta zona protexida.

A análise do risco está baseada no estudo de dous factores: o perigo e a vulnerabilidade (Figura II.1). O **perigo** definiuse coma a probabilidade de que teña lugar un accidente e, por tanto, unha vertedura; mentres que a **vulnerabilidade** caracterizouse coma o impacto que poden supoñer as verteduras no entorno natural costeiro e mariño e nas actividades de carácter socioeconómico que se desenvolven no mesmo. Tendo en conta estes dous factores: perigo e vulnerabilidade, estableceuse o risco ao que se enfronta a costa galega.



Figura II.1. Factores incluídos na análise de risco

O estudo do perigo abordouse cunha diferenciación clara respecto á orixe do que provén o mesmo, por unha banda orixe proveniente do mar, é dicir, dos buques en ruta e por outra banda, orixe proveniente de terra como os emisarios ou as instalacións. Unha vez identificados os posibles focos de vertedura, se lles asignou un nivel de perigo segundo a súa natureza e/ou posición e se simularon as derivas dos posibles vertidos dende cada un deles. Compre destacar que tívose en conta o comportamento da sustancia vertida no que condiciona a permanencia da mesma na auga. Simuláronse tres tipos de persistencia: alta, media e baixa, o que permitiu unha mellor aproximación ao comportamento das sustancias químicas potencialmente perigosas distintas dos hidrocarburos.

Pola súa parte, a caracterización da vulnerabilidade da costa levouse a cabo tendo en conta o criterio medioambiental e o criterio socioeconómico, que albergan distintas variables segundo se mostra na Figura II.2. En función destas variables, se asignou a cada tramo de costa un valor de vulnerabilidade nun rango de moi baixa a moi alta.



Figura II.2. Variables incluídas na análise de vulnerabilidade

Unha vez caracterizado tanto o perigo, como a vulnerabilidade da costa e mediante o emprego dunha matriz de cálculo, determinouse o risco en cada tramo. Non obstante, a variabilidade das diferentes zonas da costa, así como a diferente dispoñibilidade de datos para algunhas caracterizacións, fai recomendable á hora de avaliar o risco global, utilizar conxuntamente a zonificación de risco xunto a de perigo e máis a da vulnerabilidade, co fin de evitar a perda de información derivada da síntese de ámbolos dous factores.

Finalmente, os mapas de perigo, de vulnerabilidade e de risco foron incorporados nas ferramentas de xestión de información coas que conta o Plan Camgal e que apoian a planificación da resposta ante unha continxencia deste tipo.

No caso do Plan *Illas Atlánticas* levouse a cabo unha análise de perigos específica na que se outorgou un maior peso, na análise de vulnerabilidade, á compoñente medioambiental por ser esta a que fai que o espazo teña recoñecida a figura de protección de Parque Nacional (Capítulo V Anexo Plan Illas Atlánticas).

3. INFORMACIÓN SOPORTE.

A información que dá soporte ao Plan Camgal é abundante, cambiante e complexa xa que procede de diferentes fontes e presenta distinta natureza e formato. Ademais, a utilización desta información antes, durante e despois da continxencia require dunha xestión da mesma axeitada en función das necesidades dos distintos actores que interveñen en cada momento.

3.1. A Imaxe Común Operativa (ICO)

Co fin de facer unha xestión integral áxil de toda a información, o Plan Camgal a través do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), estruturou unha Imaxe Común Operativa (ICO ou COP pola súa terminoloxía inglesa). Unha ICO consiste nunha plataforma computacional baseada en tecnoloxías de Sistemas de Información Xeográfica (SIX) que proporciona un único punto de información para a descrición da situación, a coordinación, comunicación e arquivo dos datos que apoien a xestión da emerxencia, así como ao persoal de resposta e outros actores involucrados ou afectados polo incidente.

Debido a que durante un incidente a información pode proceder dunha grande variedade de fontes e institucións, existe unha problemática que xorde, entre outras cousas, do uso de diferentes estándares computacionais, de información con descricións vagas ou da utilización dunha grande variedade de tecnoloxías á hora de crear esta información. O Plan Camgal solucionou gran parte destes problemas co uso dunha Infraestrutura de Datos Espaciais (IDE) como soporte SIX que supoñe unha boa ferramenta na xestión de datos xeorreferenciados e permite combinar estes con información básica de utilidade para a xestión de continxencias. Ademais a IDE permite crear consultas interactivas, analizar a información espacial, editar os datos, mapas e presentar os resultados no formato adecuado para cada usuario.

A ICO do Plan Camgal está constituída por catro elementos:

- Infraestrutura de Datos Espaciais (IDE): Conforma a base da ICO e consiste nun sistema informático integrado por un conxunto de recursos (catálogos, servidores, programas, aplicacións, páxinas Web e outros) que permite o acceso e a xestión dos conxuntos de datos e servizos xeográficos dispoñibles en Internet e que cumpre unha serie de normas, estándares e especificacións que regulan e garanten a súa interoperabilidade. Este feito permite que a ICO non só use información pertencente á IDE do Plan Camgal, mais tamén información procedente de outras IDEs.
- Xestor de episodios: Consiste nunha plataforma Web que permite abrir e xestionar continxencias, inserir dende distintas IDEs capas de información no visor, e dar permiso para visualizar a distinta información aos diferentes usuarios. Tamén permite redactar informes como o informe POLREP e SCAT.
- Ferramentas Web: no xeoportal do Plan Camgal atópase un visor xeral ou interface entre o sistema e os distintos actores na incidencia onde se pode visualizar sobre un mapa a distinta información xeorreferenciada para a cal, o usuario identificado ten permiso de visualización. Ademais do mapa e das distintas capas, o visor posúe unha serie de ferramentas típicas (como o Zoom In, Zoom out, Pan, etc.) e outras como un buscador de topónimos. Así mesmo, o Plan Illas Atlánticas conta co seu visor Web específico.
- Os Procesos Automáticos: Son os distintos procesos do sistema no seu mantemento. Consisten principalmente en recollida e transformación da información a estándares para poder ser utilizada na IDE, así como os procesos de arquivo da información cando a incidencia está finalizada.

Grazas a estas catro compoñentes, a información necesaria para a continxencia está dispoñible dun xeito áxil e pode ser facilmente visualizada segundo as necesidades e o nivel de acceso do usuario. A través da páxina Web do Plan Camgal (www.plancamgal.gal) pode accederse a toda esta información, así como a todos aqueles textos e recursos de utilidade para o bo funcionamento do Plan.

3.2. Capas de información incluídas na IDE do Plan Camgal

A IDE do Plan Camgal integra información de distintas fontes e escalas, e datos tanto espaciais como non espaciais, que poden ser de utilidade antes, durante e despois da xestión nunha continxencia.

Independentemente de se a información provén dunha ou outra IDE esta se pode clasificar en dous conxuntos:

a) Información base ou de referencia: Esta información existe previamente á ocorrencia da continxencia e debe estar actualizada e recollida de xeito rutinario para utilizar a última información dispoñible. Non debe de ser información específica da propia crise. Exemplos deste conxunto utilizado pola ICO do INTECMAR, son:
   - Capas base: proporcionadas polo IGN (Instituto Geográfico Nacional), PNOA (Plan Nacional de Ortofotografía Aérea), EMODnet (European Marine Observation and Data Network) e Open Street Map.
   - Xeografía física: tipos de fondo, ríos, batimetrías e outros.
   - Xeografía humana: unidades administrativas (concellos costeiros, núcleos de poboación, ámbito portuario), nomes xeográficos relativos á microtoponimia costeira.
   - Imaxes de satélite e ortofotos.
   - Cartas mariñas.
   - Información pesqueira e marisqueira: Confrarías, bancos marisqueiros, polígonos de bateas, bateas e outros.
   - Recursos ambientais: Liña ESI, zonas ZEC e ZEPA, Parques nacionais e naturais, reservas mariñas e outros.
   - Inventario costeiro: Praias, portos, zonas de acumulación, vías de achegamento á costa, instalacións útiles nun incidente e outros.
   - Atlas de limpeza da costa.
   - Datos océano-meteorolóxicos como as correntes do Radar HF e outros.
   - Predición de correntes, ventos, ondas, salinidade e temperatura para os próximos días e outros.
   - Información da análise de risco.

b) Información específica do incidente: Esta inclúe toda a información relevante que é xerada durante e despois do incidente e que pertence especificamente ao incidente. Capas deste conxunto específico para cada incidente son:
   - Posicións das manchas do POLREP.
   - Información relativa ao SCAT.
   - Percorridos de boias derivantes.
   - Localización de elementos de resposta.
   - Predición das derivas das manchas.
   - Predición da pluma contaminante no aire.

O listado das capas públicas usadas pola ICO así como o seu enderezo Web, pódese consultar no Capítulo II_Anexo_Capas de información.

Capítulo III

Contido

1. Presidencia e Dirección 3
1.1. Presidencia 3
1.2. Dirección 4
2. Órganos de resposta 6
3. Centro de Coordinación Operativa 6
3.1. Estrutura, constitución e funcionamento do CECOP 6
3.2. Comité de Dirección 7
3.3. Comité Técnico Asesor 9
3.4. Coordinador/a de operacións en terra 10
3.5. Coordinador/a de operacións no mar 12
4. Grupo Operativo de Resposta En Terra 13
4.1. Unidades de vixilancia e seguimento 14
4.2. Unidades de contención, limpeza, almacenamento temporal, transporte e xestión dos residuos 14
4.3. Unidade de protección do patrimonio natural e da biodiversidade 15
4.4. O centro de mando avanzado en terra 15
4.5. Unidade de loxística da resposta en terra 15
5. Grupo Operativo de Resposta No Mar 16
5.1. Unidades de salvamento marítimo 16
5.2. Unidades de vixilancia e seguimento no mar 16
5.3. Unidades de contención e recollida no mar 17

5.4. O centro de mando avanzado no mar 17
5.5. Unidade de loxística da resposta en mar 17
6. Unidades de Apoio 18
6.1. Gabinete de comunicación 18
6.2. Unidade de Observación Próxima 19
6.3. Unidade de Documentación e Apoio Científico 20
6.4. Outras unidades 21

O Plan Camgal, tal e como se regula no Decreto 135/2016, do 6 de outubro, estrutura a coordinación da resposta ante episodios de contaminación mariña accidental a través dos órganos de dirección e resposta recollidos na seguinte figura:

Órganos de dirección e resposta do Plan Camgal

1. PRESIDENCIA E DIRECCIÓN

1.1. Presidencia

A Presidencia do Plan Camgal correspóndelle á persoa titular da consellería competente na materia de loita contra a contaminación mariña accidental ou persoa en quen delegue.

En función da activación ou non do Plan Camgal e do nivel de emerxencia decretado, as funcións da Presidencia incrementan segundo se describe na seguinte táboa:

PRESIDENTE/A	
NIVEL	**FUNCIÓNS**
Permanente	• Garantir a existencia dos marcos, lexislativo e administrativo, necesarios para a existencia, o funcionamento, a implantación e o mantemento do Plan Camgal conforme coa lexislación vixente e as mellores técnicas e medios dispoñibles na loita contra a contaminación mariña accidental. • Manter as relacións institucionais necesarias derivadas da coordinación do Plan Camgal con outros plans. • Xestionar as relacións necesarias para coordinar as unidades administrativas implicadas no Plan Camgal. • Autorizar, en virtude do principio de cooperación interadministrativa, a colaboración dos medios adscritos ao Plan Camgal con outros plans. • Impulsar a existencia dos plans interiores marítimos e dos plans locais de protección da beiramar necesarios na Comunidade Autónoma.
Alerta	• Solicitar, se for necesario, a activación de plans interiores marítimos e plans locais de protección da beiramar involucrados na emerxencia.
Emerxencia nivel mínimo	• Informar á Delegación do Goberno sobre a activación e desactivación do Plan Camgal. • Solicitar, se for necesario, a activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia. • Autorizar a suspensión dos servizos ordinarios das unidades da súa consellería para que o persoal se implique nas operacións de loita contra a contaminación mariña. • Solicitar aos/ás titulares das consellerías con responsabilidades no Plan Camgal a suspensión dos servizos programados e ordinarios do seu persoal para que estea a disposición da loita contra a contaminación mariña.
Emerxencia nivel medio	• Solicitar a outras administracións, organismos ou outros, a incorporación de membros adicionais se for necesario, no Comité de Dirección e/o no Comité Técnico Asesor do Plan Camgal.
Emerxencia nivel máximo	• Facilitar as relacións necesarias con outras administracións, organismos ou outros, para o bo funcionamento das operacións de resposta.

1.2. Dirección

A Dirección do Plan Camgal correspóndelle á persoa titular da Subdirección xeral de Gardacostas de Galicia ou persoa en que delegue por ser esta subdirección o órgano que ten atribuídas as funcións relativas á loita contra a contaminación mariña accidental.

En función da activación ou non do Plan Camgal e do nivel de emerxencia decretado, as funcións da Dirección incrementan segundo se describe na seguinte táboa:

DIRECTOR/A	
NIVEL	**FUNCIÓNS**
Permanente	• Asegurar a implantación do Plan Camgal conforme coa lexislación vixente e as mellores técnicas e medios dispoñibles na loita contra a contaminación mariña accidental. • Asegurar a revisión periódica e a adecuación tecnolóxica do material e dos equipos adscritos ao Plan Camgal. • Dirixir o programa de adestramento periódico establecido no Plan Camgal e promover a formación necesaria do persoal implicado na loita contra a contaminación mariña accidental. • Elaborar o informe, segundo proceda, dos plans interiores marítimos e dos plans locais de protección da beiramar da Comunidade Autónoma.
Alerta	• Avaliar a situación do episodio xunto coas persoas encargadas da coordinación de operacións. • Decidir a activación do Plan Camgal e o nivel da mesma en cada momento. • Informar á Presidencia da activación do Plan Camgal e o nivel da mesma. • Solicitar á presidencia do Plan Camgal, se for necesario, a activación dos plans locais de protección da beiramar e/ou dos plans interiores marítimos da zona afectada.
Emerxencia nivel mínimo	• Dirixir as actuacións, estratexias e operacións de resposta necesarias desde a activación do Plan ata o final da emerxencia. • Convocar, constituír e dirixir o Centro de coordinación operativa (CECOP) do que forma parte. • Dar aviso aos/ás responsables das unidades de apoio para que poñan en marcha as accións establecidas nos seus procedementos operacionais en función do nivel da emerxencia. • Comunicar á presidencia a necesidade da suspensión dos servizos ordinarios programados para o persoal das unidades adscritas ao Plan Camgal. • Decidir a mobilización dos medios anticontaminación. • Informar ás autoridades marítimas e locais afectadas da activación do Plan Camgal. • Establecer os mecanismos de coordinación que se definan entre o Plan Camgal e outros plans activados.

Emerxencia nivel medio	• Solicitar, se cómpre, en virtude do principio de cooperación interadministrativa, a colaboración da Administración Xeral do Estado. • Convocar e constituír, se cómpre, o Comité de Dirección no seno do CECOP. • Convocar e constituír, se cómpre, o Comité Técnico Asesor no seno do CECOP. • Determinar, se for necesario, a incorporación de membros adicionais no Comité de Dirección e/ou no Comité Técnico Asesor. • Informar da continxencia ao/á responsable da unidade administrativa competente na materia de protección civil de Galicia, como responsable da activación de Grupos Operativos de emerxencias e interior a través do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia. • Nomear ao persoal de apoio necesario para rexistrar e coordinar as comunicacións, así como para rexistrar a cadea de accións do CECOP. • Formar parte, se for necesario, do Órgano de coordinación entre o Plan Camgal e o Plan marítimo nacional contemplado no Sistema Nacional de Resposta nas situacións de emerxencia nivel 1 ou 2.
Emerxencia nivel máximo	• Designar, se for necesario, ás persoas representantes do Plan Camgal para formar parte do Consello técnico asesor do Plan marítimo nacional de resposta ante a contaminación do medio mariño, do Comité Técnico Asesor do Plan estatal de protección da beiramar contra a contaminación e do Consello técnico asesor contemplado no Sistema Nacional de Resposta en situación 3 de emerxencia. • Formar parte, se for necesario, do Consello de dirección contemplado no Sistema Nacional de Resposta en situación 3 de emerxencia.
Fin da emerxencia	• Avaliar a situación coas persoas responsables da coordinación de operacións. • Asegurar o establecemento das medidas necesarias para a recuperación das zonas afectadas. • Desactivar o Plan Camgal. • Informar á Presidencia, aos membros do CECOP desconvocándoos e a todas as partes implicadas da desactivación do Plan Camgal. • Asegurar a elaboración do informe final por parte do CECOP e incorporar no Plan Camgal as recomendacións de mellora reflectidas no informe final.

2. ÓRGANOS DE RESPOSTA

A persoa responsable da dirección, determinará o número e estrutura dos órganos de resposta que se constitúan durante a continxencia dependendo da natureza, gravidade e extensión da continxencia así como das obrigas contempladas no Sistema Nacional de Resposta para os plans territoriais.

Son órganos de resposta no Plan Camgal:
- o CECOP
- os Grupos Operativos de resposta
- as Unidades de Apoio
- outros que se consideren

A constitución dos órganos de resposta farase sempre da maneira máis áxil posible, preferentemente por medios telemáticos e deixando sempre constancia na Sala de Operacións de Gardacostas de Galicia os datos referentes a dita constitución: persoa responsable, data e hora, medio empregado (teléfono, SMS, WhatsApp, correo electrónico, fax, outro), integrantes e persoa de contacto do órgano constituído, así como todos aqueles datos que se consideren necesarios para a correcta documentación da constitución dos órganos de resposta.

A estrutura de resposta estará limitada no tempo, xa que unicamente funcionará mentres dure a continxencia e o Plan Camgal estea activado excepto nos casos en que teñan funcións permanentes ao longo do tempo.

3. CENTRO DE COORDINACIÓN OPERATIVA

O Centro de Coordinación Operativa, CECOP, é, baixo a dirección do/da director/a, o órgano de actuación encargado de decidir todas as operacións necesarias para facer fronte á continxencia e de manter a relación institucional con outros organismos das distintas administracións, así como coas demais entidades que participan na loita contra a contaminación.

3.1. Estrutura, constitución e funcionamento do CECOP

A estrutura do CECOP estará condicionada pola natureza, gravidade e extensión da continxencia. Na súa composición máis sinxela estará constituído por:

O/a director/a do Plan.

Un/unha ou dous/duas coordinadores/as de operacións.

E sempre que a continxencia o requira, formarán parte do CECOP:

Os integrantes do Comité de Dirección.

Os integrantes do Comité Técnico Asesor.

A persoa titular da dirección é a responsable da constitución do CECOP no tempo e forma que requira a continxencia. Nun primeiro momento o CECOP quedará constituído na súa composición máis sinxela co fin de iniciar o máis axiña posible as medidas de resposta ante a continxencia. Segundo o requira a mesma, a persoa titular da dirección do Plan convirá a incorporación no CECOP do Comité de Dirección e/ou do Comité Técnico Asesor e integrará aos membros necesarios en cada un deles.

A persoa titular da dirección do Plan, escollerá o lugar e forma da toma de decisións máis axeitados no momento da continxencia pudendo ser esta por vía presencial ou telemática e deixando constancia na Sala de Operacións de Gardacostas.

O CECOP acordará todas as operacións necesarias para facer fronte á continxencia. O Comité de Dirección asistirá á toma de decisións e levará a cabo as funcións administrativas que se requiran mentres o Plan se manteña activo. Pola súa parte, o Comité Técnico Asesor recompilará toda a información técnica necesaria coa que elaborará as recomendacións para que se tomen as medidas de resposta máis axeitadas segundo a situación. As persoas responsables da coordinación de operacións en terra e en mar executarán, a través dos respectivos Grupos Operativos, as decisións tomadas no CECOP e informarán no mesmo da evolución da situación ao longo da continxencia.

O CECOP contará coa asistencia das unidades de apoio contempladas neste capítulo e, se compre, doutras que se requiran.

3.2. Comité de Dirección

O Comité de Dirección é o órgano representativo das unidades administrativas competentes involucradas na xestión da emerxencia que asiste á dirección do Plan na toma de decisións sempre que a continxencia o requira.

A composición do Comité de Dirección adecuarase ás necesidades da continxencia e estará integrado por representantes da/do:

- Consellería competente na materia de protección civil: Subdirector/a Xeral de Planificación e Protección Civil ou persoa en quen delegue.
- Consellería competente na materia de calidade ambiental e patrimonio natural: Subdirector/a Xeral de Coordinación Ambiental ou persoa en quen delegue.
- Consellería competente na materia de sanidade: Subdirector/a Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para á Saúde ou persoa en quen delegue.
- Autoridade competente na materia portuaria da zona afectada
- Dirección Xeral da Mariña Mercante: o/a Capitán/ana marítimo con competencias na zona afectada ou persoa en que delegue.

- Dirección de operacións da Sociedade estatal de salvamento marítimo (SASEMAR): Xefe do centro de coordinación da zona afectada ou persoa en quen delegue.
- Demarcación de Costas en Galicia: responsable do Servizo provincial de costas con competencia na zona afectada ou persoa en quen delegue.
- Delegación do Goberno: Subdelegado/a do Goberno na provincia afectada ou persoa en quen delegue.
- Concello/s afectado/s: titular/es das alcadías do/s concello/s afectado/s ou persoas nas quen delegue/n.
- Plan/s interior/es marítimos afectado/s: director/a do plan ou persoa en quen delegue.

Cando a natureza da emerxencia ou catástrofe o requira, a persoa titular da Presidencia ou a persoa titular da Dirección do Plan, poderán determinar que formen parte do Comité de Dirección outros membros diferentes aos descritos neste punto.

As funcións do Comité de Dirección durante e ao fin da continxencia son as descritas na seguinte táboa:

COMITÉ DE DIRECCIÓN		
NIVEL		**FUNCIÓNS**
Emerxencia nivel medio	**Emerxencia nivel máximo**	• Recibir e avaliar a información sobre o episodio de contaminación. • Tomar as decisións administrativas que se requiran para xestionar a emerxencia. • Decidir os procedementos de intervención dos medios e recursos propios para actuar con garantías ante a emerxencia. • Activar as unidades de apoio que se requiran para xestionar a emerxencia. • Aprobar a estratexia e as técnicas de resposta que propoña o Comité Técnico Asesor e as persoas responsables da coordinación de operacións en cada momento. • Establecer as restricións necesarias nas zonas afectadas. • Solicitar do Comité Técnico Asesor os informes e recomendacións técnicas necesarias. • Emitir, segundo as informacións achegadas polo Comité Técnico Asesor, as alertas necesarias. • Resolver as incidencias legais e económicas que xurdan durante a xestión do incidente. • Habilitar as partidas orzamentarias necesarias para cubrir os gastos que ocasione a incorporación de expertos alleos á Administración Galega no Comité Técnico Asesor. • Rexistrar todas as comunicacións recibidas e emitidas, así como as ordes e decisións adoptadas. • Facilitar a información necesaria para o Gabinete de Comunicación.

Fin da emerxencia	• Tomar as decisións necesarias co fin de paliar as consecuencias da contaminación e facilitar a recuperación do medio. • Elaborar un informe final sobre a xestión do incidente, coas conclusións e recomendacións para a mellora do Plan.

3.3. Comité Técnico Asesor

O Comité Técnico Asesor é o órgano que desenvolve funcións de asesoramento técnico e científico no CECOP, baseado na información que lle chegue dos Grupos Operativos de resposta e das Unidades de Apoio. Este Comité é o encargado de avaliar a emerxencia e propoñer ao CECOP as mellores técnicas de resposta desde o punto de vista técnico e científico para minimizar as consecuencias da contaminación e facilitar a recuperación das zonas afectadas.

Este órgano estará composto polo persoal técnico necesario en función da natureza da emerxencia. Poderán formar parte deste Comité técnicos:

- da Consellería competente nos asuntos marítimos
- da Consellería competente na materia de medio ambiente
- da Consellería competente na materia de conservación da natureza e conservación do patrimonio natural
- de MeteoGalicia
- do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR)
- do Centro Tecnolóxico do Mar - Fundación CETMAR
- designados polas universidades galegas
- do Consello Superior de Investigacións Científicas en Galicia
- dos centros oceanográficos de Vigo e A Coruña do Instituto Español de Oceanografía

Formará tamén parte deste Comité o/a titular da Unidade de Documentación e Apoio Científico (UDAC) do INTECMAR exercendo labores de enlace cos demais membros do CECOP e coas Unidades de Apoio.

Cando a natureza da emerxencia ou catástrofe o requira, as persoas responsables da presidencia e dirección do Plan poderán incluír no Comité Técnico Asesor expertos de entes, públicos ou privados, nacionais ou internacionais, cuxa área de coñecemento teña relación co tipo de emerxencia.

As funcións do Comité Técnico Asesor durante e ao fin da continxencia son as descritas na seguinte táboa:

COMITÉ TÉCNICO ASESOR	
NIVEL	**FUNCIÓNS**
Emerxencia nivel medio **Emerxencia nivel máximo**	• Propoñer ao Comité de Dirección a prioridade de protección dos recursos ameazados, en función da información que acheguen as Unidades de Apoio e os Grupos Operativos de resposta. • Propoñer ao Comité de Dirección as estratexias máis axeitadas e as mellores técnicas dispoñibles para combater a emerxencia e avaliar a súa efectividade. • Informar ao Comité de Dirección das posibles situacións de alerta que se puideran xerar. • Se for necesario pola natureza da continxencia, solicitar ao Comité de Dirección a incorporación de asesores externos. • Rexistrar as accións e comunicacións desenvolvidas polo Comité. • Elaborar os informes técnicos que lle sexan solicitados.
Fin da emerxencia	• Proporcionar ao CECOP as recomendacións e protocolos de actuación e seguimento necesarios para acadar as condicións previas á continxencia nas zonas afectadas. • Suxerir as modificacións técnicas pertinentes do Plan Camgal. • Elaborar un informe final de carácter técnico que será enviado ao Comité de Dirección para a súa inclusión no informe final.

3.4. Coordinador/a de operacións en terra

O/A coordinador/a de operacións en terra é a persoa encargada de dirixir as distintas operacións de loita contra a contaminación na beiramar e das rías ou nas augas continentais cando a vertedura poda chegar á costa, e coordinar as accións dos diferentes grupos de resposta terrestres. Traballará conxuntamente ca persoa responsable da coordinación de operacións no mar.

A coordinación das operacións en terra correspóndelle á persoa titula da Subdirección de Coordinación Ambiental ou persoa en quen delegue. Cando a continxencia afecte ao Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia a estrutura de coordinación será a recollida no Plan *Illas Atlánticas* (ver Capítulo V Anexo Plan Illas Atlánticas).

En función da activación ou non do Plan Camgal e do nivel de emerxencia decretado, as funcións da Coordinación de operacións en terra incrementan segundo se describe na seguinte táboa:

COORDINADOR/A DE OPERACIÓNS EN TERRA	
NIVEL	**FUNCIÓNS**
Permanente	• Asegurar a existencia das estruturas de resposta en terra.
Alerta	• Ordenar ás unidades de vixilancia e seguimento a verificación dos feitos e a recollida das mostras, se estes se producen na beiramar ou poden chegar polas augas continentais. • No caso de se tratar dunha incidencia ordinaria, organizar o dispositivo para resolver a mesma. Informar á dirección do Plan da incidencia ordinaria e das actuacións que se realicen para resolvela. • Se a situación supera a incidencia ordinaria, informar e avaliar a situación coa persoa responsable da dirección do Plan e da coordinación de operacións no mar. • Apoiar á dirección do Plan no que lle requira para poder activar o Plan Camgal no nivel de resposta que corresponda.
Emerxencia nivel mínimo	• Determinar inicialmente, de forma coordinada co/a coordinador/a de operacións no mar e en función do nivel da emerxencia, a zona de intervención para as tarefas de limpeza, almacenamento temporal, transporte e xestión de residuos. • Por en marcha as accións establecidas nos procedementos operacionais das unidades de limpeza, almacenamento, transporte, xestión de residuos e protección do patrimonio natural e da biodiversidade. Asegurando que estas unidades traballan nas condicións de seguridade axeitadas. • Elaborar o informe "POLREP Costa" segundo o descrito na normativa estatal. • Transmitir aos/ás responsables das Unidades de Apoio a información que requiran. • Designar a persoas que documenten nas zonas de operacións todas as actuacións na resposta e os gastos que estas ocasionen. • Informar no CECOP sobre as primeiras actuacións desenvolvidas nas zonas de operacións. Avaliar a efectividade destas accións no CECOP. • Preparar e transmitir as ordes aos Grupos Operativos de terra, segundo as decisións que se tomen no CECOP no transcurso da emerxencia. • Transmitir ao CECOP a información que requira dos grupos de resposta que ten asignados. • Transmitir ás Unidades de Apoio a información que requiran. • Coordinar as operacións de resposta en terra dos grupos adscritos aos plans locais e interiores que correspondan. • Avaliar no CECOP a efectividade das técnicas de resposta co obxecto de adaptar a estratexia de traballo. • Avaliar os problemas técnicos que podan xurdir e propoñer posibles solucións.
Emerxencia nivel medio	• Establecer, se compre, o programa de "Técnica de avaliación de afectación da costa (SCAT)". • Formar parte, se for necesario, do Órgano de coordinación entre o Plan Camgal e o Plan marítimo nacional contemplado no Sistema Nacional de Resposta nas

	situacións de emerxencia 1 ou 2.
Emerxencia nivel máximo	• Formar parte, se for necesario, do Comité Técnico Asesor do Plan estatal de protección da beiramar contra a contaminación.
Fin da emerxencia	• Avaliar a situación coa persoa responsable da dirección do Plan. • Dar as ordes de desmobilización aos Grupos Operativos. • Establecer os protocolos de recuperación e seguimento das zonas afectadas. • Colaborar, no referente as actuacións en terra, na elaboración do informe final.

3.5. Coordinador/a de operacións no mar

O/A coordinador/a de operacións no mar é a persoa encargada de dirixir as distintas operacións de loita contra a contaminación no mar e coordinar as accións dos diferentes grupos de resposta marítimos. Traballará conxuntamente ca persoa responsable da coordinación de operacións en terra.

A coordinación das operacións no mar correspóndelle á persoa titular do Servizo de Busca, Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación ou persoa en quen delegue .

En función da activación ou non do Plan Camgal e do nivel de emerxencia decretado, as funcións da Coordinación de operacións en mar incrementan segundo se describe na seguinte táboa:

COORDINADOR/A DE OPERACIÓNS EN MAR	
NIVEL	**FUNCIÓNS**
Permanente	• Asegurar a existencia das estruturas de resposta en mar.
Alerta	• Poñer en marcha as operacións de salvamento e asumir a responsabilidade na súa execución. Asegurarse de que estas unidades traballan nas condicións de seguridade axeitadas. • Ordenar ás unidades de vixilancia e seguimento a verificación dos feitos e a recollida das mostras, se estes se producen na zona marítima. • No caso de se tratar dunha incidencia ordinaria, organizar o dispositivo para resolver a mesma. Informar o director/a do Plan da incidencia ordinaria e das actuacións que se realicen para resolvela. • Se a situación supera a continxencia ordinaria, informar e avaliar a situación ca persoa responsable da dirección do Plan e da coordinación de operacións en terra. • Transmitir ao/á responsable da Unidade de Observación Próxima (UOP) a información relativa a posición e características da vertedura. • Apoiar á dirección do Plan no que lle requira para poder activar o Plan Camgal no nivel de resposta que corresponda.
Emerxencia	• Determinar inicialmente, de forma coordinada co/a coordinador/a de operacións en terra e en función do nivel da emerxencia, a zona de intervención para as

nivel mínimo	tarefas de contención e recollida. • Por en marcha as accións establecidas nos procedementos operacionais das unidades de contención e recollida no mar. • Por en marcha e coordinar as actuacións dos profesionais do mar nas tarefas de loita contra a contaminación. • Elaborar o informe "POLREP Mar" segundo o descrito na normativa estatal. • Transmitir aos/ás responsables das Unidades de Apoio a información que requiran. • Designar a/as persoa/s que documente/n na/s zona/s de operacións todas as actuacións na resposta e os gastos que estas ocasionen. • Informar no CECOP sobre as primeiras actuacións desenvolvidas na/s zona/s de operacións. Avaliar a efectividade destas accións no CECOP. • Preparar e transmitir as ordes aos Grupos Operativos do mar, segundo as decisións que se tomen no CECOP no transcurso da emerxencia. • Transmitir ao CECOP a información que requira dos grupos de resposta que ten asignados. • Transmitir á UOP a información relativa a evolución da vertedura. • Coordinar as operacións de resposta no mar dos grupos adscritos aos plans locais e interiores que correspondan. • Avaliar no CECOP a efectividade das técnicas de resposta co obxecto de que se poda manter ou modificar a estratexia de traballo. • Avaliar os problemas técnicos que podan xurdir e propoñer posibles solucións.
Emerxencia nivel medio	• Formar parte, se for necesario, do Órgano de coordinación entre o Plan Camgal e o Plan marítimo nacional contemplado no Sistema Nacional de Resposta nas situacións de emerxencia 1 ou 2.
Emerxencia nivel máximo	• Formar parte, se for necesario, do Comité Técnico Asesor do Plan estatal de protección da beiramar contra a contaminación.
Fin da emerxencia	• Avaliar a situación coa persoa responsable da dirección do Plan. • Dar as ordes de desmobilización aos Grupos Operativos. • Establecer os protocolos de recuperación e seguimento das zonas afectadas. • Colaborar, no referente as actuacións no mar, na elaboración do informe final.

4. GRUPO OPERATIVO DE RESPOSTA EN TERRA

O Grupo Operativo de resposta en terra é o órgano encargado de desenvolver as operacións de contención, limpeza, almacenamento temporal, transporte e xestión de residuos na beiramar e demais misións auxiliares.

Este grupo poderá estar formado por:

- Unidade/s de vixilancia e seguimento.

- Unidade/s de contención, limpeza, almacenamento, transporte e xestión de residuos.
- Centro/s de mando avanzado.
- Unidade de loxística.
- Unidade de protección do patrimonio natural e da biodiversidade.

4.1. Unidades de vixilancia e seguimento

Formadas polo persoal do Servizo de Intervención Ambiental da Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental e se a vertedura se produce ás augas continentais ou é consecuencia dun vertido de terra a mar pudendo chegar á costa, polos gardas de explotación de Augas de Galicia e o persoal do Plan de Control de Vertidos de Augas de Galicia.

O mando destas unidades corresponderalle á persoa titular do Servizo de Intervención Ambiental ou persoa que se designe e se a vertedura se produce ás augas continentais ao /á Subdirector /a da Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico ou persoa que se designe.

A súa función principal será a de realizar unha avaliación inicial da contaminación na beiramar, vixiar a súa evolución, e posteriormente realizar as observacións que permitan avaliar as consecuencias ambientais do episodio contaminante.

4.2. Unidades de contención, limpeza, almacenamento temporal, transporte e xestión dos residuos

Formadas por persoal da Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental sen prexuízo do apoio que poda prestar o ente Augas de Galicia nos supostos de episodios contaminantes por vertido de residuos. Cada unidade terá unha persoa encargada de xestionar os medios humanos e materiais postos ao seu cargo.

A súa función principal será a limpeza e almacenamento do produto contaminante. Así mesmo serán as encargadas da loxística do seu transporte dende o punto de almacenamento ata xestores autorizados, exercendo o control dos residuos xerados nas operacións de limpeza. Igualmente prestarán apoio ás unidades homólogas do mar.

Se a vertedura se produce nas augas continentais con risco de chegar ao mar, a función destas unidades será tamén a contención e recollida do produto contaminante nas augas continentais e nas marxes dos ríos, así como prestar apoio ás unidades homólogas do mar nas labores de despregue, posición e mantemento de barreiras e demais equipos de loita contra a contaminación.

4.3. Unidade de protección do patrimonio natural e da biodiversidade

Formada polos servizos centrais e provinciais da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, que ten a función de levar a cabo as accións necesarias para a protección do patrimonio natural e a biodivesidade.

Tamén serán os encargados da coordinación da recollida de animais mortos ou feridos e do seu transporte aos lugares que se establezan como unidades de protección da fauna mariña. Así mesmo, asumirán as tarefas para a avaliación do impacto do vertido sobre as poboacións de fauna afectadas.

Cando a continxencia afecte ao Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia a estrutura e as actuacións de resposta serán as recollidas no Plan *Illas Atlánticas* (ver Capítulo V Anexo Plan Illas Atlánticas).

4.4. O centro de mando avanzado en terra

É o lugar ou lugares dende onde se coordinan *in situ* as diferentes unidades operativas actuantes en coordinación e contacto permanente coas persoas responsables da coordinación de operacións.

A súa localización dependerá das circunstancias e características da continxencia, sempre nun lugar seguro e o máis preto á zona onde se concentre o esforzo.

A dirección do centro será asumida pola persoa responsable do Servizo de Intervención Ambiental e se a vertedura prodúcese nas augas continentais pudendo chegar á costa polo/a xefe/a do Servizo Territorial de Augas de Galicia.

As funcións principais deste centro son:

- Coordinar as diferentes unidades operativas del dependentes.
- Transmitir toda a información sobre as actuacións realizadas, as accións que se van desenvolver e sobre calquera outra incidencia á persoa responsable da coordinación de operacións en terra.

O/A responsable do centro de mando avanzado en terra deberá manterse en contacto coa persoa homóloga no mar para que as accións de loita contra a contaminación en terra e mar estean coordinadas.

4.5. Unidade de loxística da resposta en terra

Formadas por persoal da Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental e se a vertedura se produce nas augas continentais con risco de chegar ao mar, por persoal da Subdirección Xeral de Dominio Público Hidráulico.

A función desta Unidade é a de proporcionar o soporte necesario aos Grupos Operativos de resposta en terra achegándolles os medios extraordinarios que complementen os adscritos ao Plan Camgal.

5. GRUPO OPERATIVO DE RESPOSTA NO MAR

O Grupo Operativo de resposta no mar é o órgano encargado de desenvolver as operacións de salvamento marítimo, loita contra a contaminación no mar e demais misións auxiliares.

Este grupo poderá estar formado por:

- Unidade/s de salvamento marítimo.
- Unidade/s de vixilancia e seguimento.
- Unidade/s de contención e recollida.
- Centro/s de mando avanzado.
- Unidade de loxística.

5.1. Unidades de salvamento marítimo

Formadas polos medios aéreos e marítimos da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia e as súas tripulacións correspondentes.

O mando destas unidades corresponderalle ao/á Comandante, no caso das aeronaves, ao/á Capitán/a ou ao/á Patrón/a no caso das embarcacións.

A súa función será o rescate e evacuación das persoas que se atopen no lugar do accidente ou nas proximidades, así como calquera outro tipo de asistencia de auxilio e salvamento que se requira.

5.2. Unidades de vixilancia e seguimento no mar

Formadas polos medios aéreos e marítimos da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia e as súas correspondentes tripulacións.

O mando destas unidades corresponderalle ao/á Comandante, no caso das aeronaves, ao/á Capitán/a ou ao/á Patrón/a, no caso das embarcacións, e no resto dos casos ao profesional de máis alto grado adscrito ou persoa que se designe.

A súa función principal será a de realizar unha avaliación inicial da contaminación, vixiar e cartografar a posición da vertedura e o seu desprazamento, e posteriormente realizar as observacións que permitan avaliar as consecuencias ambientais do episodio contaminante. Transmitirán dita información ao/á coordinador de operacións no mar. Recompilarán a información que requira a UOP.

5.3. Unidades de contención e recollida no mar

Formadas polos medios marítimos da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia e as súas tripulacións.

Ao mando destas unidades atoparase o/a Capitán/ana ou o/a Patrón/ona de cada unha delas.

A súa función principal será a contención e recollida do produto contaminante no mar ou na franxa litoral, así como prestar apoio ás unidades homólogas de terra nas labores de despregue, posición e mantemento de barreiras e demais equipos de loita contra a contaminación mariña.

5.4. O centro de mando avanzado no mar

É o lugar ou lugares dende onde se coordinan *in situ* as diferentes unidades operativas actuantes en coordinación e contacto permanente cos/as coordinadores/as de operacións.

A súa localización dependerá das circunstancias e características da continxencia, sempre nun lugar seguro e o máis preto á zona onde se concentre o esforzo. Polo xeral localizaranse nas instalacións das bases operativas da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia ou ben a bordo dos buques da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia.

A dirección do centro de mando avanzado (*on scene comander*) será asumida polo xefe de sección de Seguridade Marítima, e cando exista máis dun centro de mando avanzado, polos/as xefes/as de unidade operativa da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia ou calquera outra persoa/s que se designen.

As funcións principais deste centro son:

- Coordinar as diferentes unidades de contención e recollida no mar.
- Transmitir toda a información sobre as actuacións realizadas, as accións que se van desenvolver e sobre calquera outra incidencia ao/á coordinador/a de operacións no mar.
- O/A responsable do centro de mando avanzado no mar deberá manterse en contacto co seu homólogo en terra para que as accións de loita contra a contaminación en terra e mar estean coordinadas.

5.5. Unidade de loxística da resposta en mar

Formada por persoal da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia. A súa función é a de proporcionar o soporte necesario aos Grupos Operativos de resposta no mar achegándolles os medios extraordinarios que complementen os adscritos ao Plan territorial.

6. UNIDADES DE APOIO

Son os órganos de actuación, permanentes ou non, encargados de proporcionar soporte específico tanto ao CECOP como aos diferentes Grupos Operativos, para facilitar un mellor desenvolvemento da resposta. O seu funcionamento quedará establecido polo nivel da emerxencia.

6.1. Gabinete de comunicación

O Gabinete de comunicación é a unidade de apoio encargada das relacións cos medios de comunicación durante a emerxencia sempre baixo o principio de seren os primeiros en ofrecer información veraz sobre a continxencia.

Corresponderalle ao gabinete da presidencia do Plan Camgal promover a constitución e xestionar o funcionamento desta unidade, na que se pode integrar persoal dos distintos departamentos participantes.

As funcións do Gabinete de comunicación durante e ao fin da continxencia son as descritas na seguinte táboa:

GABINETE DE COMUNICACIÓN	
NIVEL	**FUNCIÓNS**
Emerxencia nivel mínimo **Emerxencia nivel medio** **Emerxencia nivel máximo**	• Recompilar e ordenar a información dispoñible referente á situación. • Valorar a repercusión mediática que pode supoñer a emerxencia. • Propoñer unha estratexia de comunicación segundo o Plan de Comunicación establecido, para o tempo que dure a emerxencia. • Propoñer un primeiro acto informativo (convocatoria de rolda de prensa ou difusión dun comunicado oficial) sobre a situación inicial da emerxencia e establecer unha canle para o informar durante a emerxencia. • Xestionar a información xerada na emerxencia e máis nas actuacións dispostas para combatela, de acordo coa estratexia de comunicación prevista. • Canalizar as demandas e manter os contactos necesarios cos medios de comunicación. • Organizar os actos informativos, de cara aos medios de comunicación, que fosen necesarios (calendario de información á cidadanía, mantemento actualizado da información nas redes sociais, visitas ás zonas afectadas; explicacións técnicas sobre actuacións, medios ou ferramentas para combater a emerxencia; roldas de prensa, etcétera). • Recompilar as informacións publicadas polos distintos medios de comunicación.
Fin da emerxencia	• Clasificar a información xerada nas actuacións para combater a emerxencia. • Elaborar un informe no que se resuman as súas actuacións durante a

	emerxencia e que será enviado ao CECOP para a súa inclusión no informe final. • Elaborar un *dossier* coas informacións publicadas sobre a emerxencia.

6.2. Unidade de Observación Próxima

Constituirase baixo a dirección técnica do/a Xefe/a da Unidade de Modelado Oceanográfico do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR). A súa composición será a que determine o director/a técnico desta unidade e dependerá da natureza da emerxencia. Esta Unidade será a encargada de realizar un seguimento e predición do comportamento e evolución da contaminación.

As funcións da Unidade de Observación Próxima durante e ao fin da continxencia son as descritas na seguinte táboa:

UNIDADE DE OBSERVACIÓN PRÓXIMA	
NIVEL	**FUNCIÓNS**
Alerta	• Iniciar as actuacións necesarias para unha primeira predición da deriva do vertido.
Emerxencia nivel mínimo **Emerxencia nivel medio** **Emerxencia nivel máximo**	• Monitorizar o vertido na medida do posible a través de boias derivantes, fotografías satelitais, drons ou outros. • Obter as predicións más actualizadas posibles das derivas do vertido ao longo da continxencia coa información recibida das Unidades de Vixilancia e Seguimento ao longo da continxencia. • Comunicar ao CECOP as predicións das derivas e a súa fiabilidade, así como as condicións océano meteorolóxicas da zona e a súa evolución. • O/A director/a técnico da unidade contactará cos membros da unidade e constituírala. • Cartografar a situación. • Establecer as medidas necesarias para compartir información con outros órganos involucrados na continxencia así como con outros plans.
Fin da emerxencia	• Redactar un informe das actuacións levadas a cabo pola unidade e informar do mesmo ao CECOP. • Informar aos membros da unidade da finalización da emerxencia. • Elaborar, se é caso, o informe de proposta de modificacións necesarias para ser incluídas na seguinte revisión do Plan.

6.3. Unidade de Documentación e Apoio Científico

Esta unidade ten carácter permanente e actúa baixo a dirección técnica do/a Xefe/a da Unidade de Documentación e Apoio Científico do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR).

Será a encargada de recompilar información científico técnica relacionada coa loita contra a contaminación mariña accidental e dar apoio ao/á director/a do Plan nas labores de revisión tanto do propio Plan como dos plans interiores marítimos e dos plans de ámbito local contemplados no Sistema Nacional de Resposta e que afectan a Comunidade Autónoma de Galicia.

As funcións da Unidade de Documentación e Apoio Científico son as descritas na seguinte táboa:

UNIDADE DE DOCUMENTACIÓN E APOIO CIENTÍFICO	
NIVEL	**FUNCIÓNS**
Permanente	• Recompilar documentación técnica, científica e operacional no ámbito da contaminación mariña accidental. • Elaborar e manter bases de datos de subministradores de servizos e materiais, de expertos e de lexislación relacionada coa contaminación mariña accidental. • Establecer os mecanismos necesarios para desenvolver e manter un sistema de información xeográfica de utilidade na loita contra a contaminación mariña accidental e poder compartila co resto de órganos implicados e con outros plans. • Establecer xunto coa persoa responsable da dirección da UOP, os mecanismos necesarios para desenvolver e manter un sistema de análise de predición e seguimento de derivas para o seu uso inmediato durante unha continxencia. • Impulsar en colaboración cos responsables do Gabinete de comunicación, a existencia dun Plan de Comunicación para o Plan Camgal adaptado ás novas tecnoloxías, redes sociais e avances na comunicación de emerxencias. • Participar en foros e proxectos a nivel autonómico, nacional e internacional relacionados co desenvolvemento de ferramentas e protocolos de utilidade para a loita contra a contaminación mariña. • Coordinar, baixo a dirección do Plan Camgal, a comisión de traballo responsable das revisións periódicas e incorporar no Plan as actualizacións que se deriven como consecuencia dos cambios lexislativos, dos avances tecnolóxicos ou melloras na loita contra a contaminación mariña ou por proposta das administracións implicadas no Plan. • Colaborar coa dirección na elaboración dos informes, segundo proceda, dos plans interiores marítimos e dos plans locais de protección da beiramar da Comunidade Autónoma.
Alerta	• Iniciar a busca de información necesaria que poda ser de utilidade para combater a continxencia.
Emerxencia	• Subministrar ao CECOP a información dispoñible na Unidade referente a zona

nivel mínimo	afectada. • Recompilar a información científica e técnica que lle requira o CECOP.
Emerxencia nivel medio / **Emerxencia nivel máximo**	• Formar parte do Comité Técnico Asesor coas labores de enlace e coordinación que lle encomende a Dirección do Plan.
Fin da emerxencia	• Avaliar a utilidade para a emerxencia da información almacenada nas bases de datos do Plan • Elaborar, se é caso, o informe de proposta de modificacións necesarias para ser incluídas na seguinte revisión do Plan.

6.4. Outras unidades

O CECOP poderá constituír, segundo as necesidades da emerxencia, as unidades de apoio que considere necesarias para o correcto desenvolvemento das tarefas de loita contra a contaminación. A responsabilidade e funcións das unidades de apoio que se constitúan serán definidas polo CECOP no momento da constitución das mesmas.

O Directorio cos datos de contacto do persoal involucrado nos órganos de dirección e resposta do Plan Camgal, manterase actualizado na Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia.

Capítulo IV

Contido

1. Criterios de activación 2
2. Situacións, Fases e Niveis de activación 2
3. Mobilización dos medios e actuacións segundo o grao de resposta activado 4
3.1. Alerta 5
3.2. Emerxencia 5
3.2.1. Emerxencia en nivel mínimo 5
3.2.2. Emerxencia en nivel medio 5
3.2.3. Emerxencia en nivel máximo 6
4. Activación e Desactivación do Plan Camgal 7
4.1. Protocolo de activación 8
4.2. Desactivación do Plan Camgal 9
5. Protocolo de notificación 9
5.1. Aviso de Incidencia 10
5.2. Notificación da activación do Plan Camgal 10
6. Criterios de Coordinación de operacións entre distintos plans de continxencias 12
7. Plan Illas Atlánticas 13

1. CRITERIOS DE ACTIVACIÓN

O Plan Camgal, como recolle no seu capítulo I, ten efecto nos acontecementos accidentais ou deliberados, que supoñan a introdución directa ou indirecta no medio mariño de substancias ou enerxía que provoquen ou poidan provocar efectos nocivos (como riscos para a saúde humana, prexuízos aos recursos vivos e aos ecosistemas mariños ou costeiros, incluída a perda de biodiversidade, os obstáculos ás actividades marítimas, especialmente á pesca, ao marisqueo, ao turismo, ás actividades de lecer e demais usos lexítimos do mar, unha alteración da calidade das augas mariñas que limite a súa utilización e unha redución do seu valor recreativo, ou, en termos xerais, un menoscabo do uso sustentable dos bens e servizos mariños) e que esixan medidas de emerxencia ou outra resposta inmediata.

Para establecer as situacións, fases e niveis de emerxencia e os criterios de activación do Plan Camgal no grao adecuado de resposta, teranse en conta as seguintes circunstancias:

a) Magnitude e perigo do suceso de contaminación, clase e tipo do axente contaminante e lugar da contaminación.
b) Superficie e vulnerabilidade das áreas potencialmente afectadas, atendendo a razóns económicas, ambientais e de protección da saúde e da vida humana.
c) Medios necesarios para facer fronte á continxencia.

As incidencias ordinarias que poidan ser atendidas polos grupos operativos dispostos na zona non darán lugar á activación do Plan Camgal.

2. SITUACIÓNS, FASES E NIVEIS DE ACTIVACIÓN

A activación do Plan Camgal adecuarase ás Situacións 0, 1, 2 e 3 descritas no Sistema Nacional de Resposta para episodios de pequena, media e gran magnitude que teñan lugar na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o artigo 7.2 do Real Decreto 1695/2012, de 21 de decembro.

En concreto, a activación do Plan Camgal guiarase polas seguintes fases e situacións de emerxencia:

a) Fase de **alerta**: activarase cando se dea a Situación 0 no Sistema Nacional de Resposta derivada dun episodio de contaminación mariña de pequena magnitude e perigo.

   Así mesmo, activarase a fase de alerta sempre que a criterio da dirección do Plan Camgal, exista o risco de producirse algún tipo de contaminación con posibilidade

de estenderse nunha ampla zona da costa ou afectar a recursos sensibles ou zonas declaradas a protexer.

b) Fase de **emerxencia**: activarase cando se dean as Situacións 1, 2 ou 3 no Sistema Nacional de Resposta, establecéndose os niveis de resposta do Plan Camgal segundo as seguintes circunstancias:

- Emerxencia en nivel **mínimo**: activarase cando sexa declarada a Situación 1 no Sistema Nacional de Resposta derivada dun episodio de contaminación mariña de magnitude e perigo mínimo.
- Emerxencia en nivel **medio**: activarase cando sexa declarada a Situación 2 no Sistema Nacional de Resposta derivada dun episodio de contaminación mariña de magnitude e perigo medio.
- Emerxencia en nivel **máximo**: activarase cando sexan declaradas as Situacións 2 ou 3 no Sistema Nacional de Resposta derivada dun episodio de contaminación mariña de magnitude e perigo máximo.

O seguinte cadro recolle os sucesos máis habituais nos que deben activarse as distintas fases e niveis de activación do Plan Camgal:

<table>
<tr><th>Situación SNR</th><th colspan="2">Fase e nivel de Activación do Plan Camgal</th><th>Sucesos</th></tr>
<tr><td>0</td><td colspan="2">Alerta</td><td>• Contaminación mariña dentro do ámbito de aplicación dun plan interior marítimo ou/e dun plan de ámbito local.
• Activación dun plan interior marítimo ou/e dun plan de ámbito local.
• Contaminación de escasa magnitude que afecte en menor grado ou poida afectar ao fronte costeiro.</td></tr>
<tr><td>1</td><td>Emerxencia</td><td>Nivel mínimo</td><td>• Medios dispoñibles nos plans activados na Situación 0 resultan insuficientes para combater a contaminación.
• Contaminación fora do ámbito de aplicación dos plans interiores marítimos ou dos plans locais.
• Contaminación no ámbito de aplicación de varios municipios limítrofes ou de varios plans interiores marítimos.</td></tr>
</table>

			• Sexa considerado oportuno por parte da dirección do Plan Camgal, por circunstancias de vulnerabilidade da zona afectada ou ameazada, aínda sendo aplicable a Situación 0.
2		**Nivel medio**	• Medios dispoñibles nos plans activados na Situación 1 resultan insuficientes para combater a contaminación. • Sexa considerado oportuno por parte da dirección do Plan Camgal, por circunstancias de vulnerabilidade da zona afectada ou ameazada. • Sexan requiridos medios adscritos a plans de ámbito estatal sen estar estes activados.
2-3		**Nivel máximo**	• Capacidade de resposta do Plan Camgal insuficiente para combater a contaminación. • A contaminación supera os límites do ámbito de aplicación do Plan Camgal.

3. MOBILIZACIÓN DOS MEDIOS E ACTUACIÓNS SEGUNDO O GRAO DE RESPOSTA ACTIVADO

O Plan Camgal ten o seu ámbito de aplicación nos dous subsistemas descritos no Sistema Nacional de Resposta, é dicir, no subsistema terrestre e no subsistema marítimo. A estrutura do Plan Camgal contempla por tanto grupos específicos de resposta tanto para ás operación en terra como para ás operacións en mar. Tendo en conta as características físicas da costa galega e a actividade que se desenvolve na mesma, danse ocasións na que a continxencia afecta só a un dos subsistemas e polo tanto contémplase que tanto na fase de alerta como na fase de emerxencia podan mobilizarse unicamente os medios que traballan en terra ou os que traballan no mar. Non obstante, en todos os casos as persoas responsables da coordinación da resposta en ambos subsistemas manteranse informadas da evolución da continxencia aínda que as operacións de resposta non afecten ao seu ámbito de actuación.

A activación ou cambio de fase ou nivel de resposta comunicarase sempre ás unidades e organismos correspondentes segundo o indicado no punto 5.2.

3.1. Alerta

O tempo de resposta ante un derrame de contaminantes ao medio mariño é un factor fundamental nas operacións de loita contra a contaminación marítima accidental e en moitos dos casos, determinará o éxito ou fracaso das mesmas.

O obxectivo desta fase de alerta é que todos os equipos de intervención podan estar listos para o traballo mesmo antes de que a vertedura se produza, gañando un tempo que en moitos casos poderá evitar a chegada de contaminantes ás zonas sensibles.

Na fase de alerta a dirección do Plan Camgal xunto aos coordinadores/as de operacións tomarán as medidas oportunas para a posta en marcha dos grupos de resposta en caso de ser necesarios. As actuacións nesta fase comprenderán as recollidas no cadro de actuacións.

3.2. Emerxencia

A fase de emerxencia contempla tres niveis de activación en función do descrito no punto 2.b).

3.2.1. Emerxencia en nivel mínimo

A emerxencia en nivel mínimo require da mobilización de medios operativos adscritos ao Plan Camgal, que non realizan funcións de xeito ordinario na zona afectada e pertencen á Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, por razóns de operatividade na resposta, e en virtude da colaboración interadministrativa entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a Xunta de Galicia nas materias de salvamento marítimo, loita contra a contaminación mariña e seguridade no ámbito pesqueiro, poderán mobilizarse medios non adscritos ao Plan Camgal.

As actuacións nesta fase comprenderán as do nivel de alerta máis as descritas no cadro de actuacións.

3.2.2. Emerxencia en nivel medio

A magnitude da emerxencia en nivel medio require da mobilización de medios operativos non adscritos ao Plan Camgal polo que a dirección do mesmo solicitará no seu caso, ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana o apoio dos medios marítimos do Plan Marítimo Nacional e/ou ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a mobilización de medios do Plan Estatal de Protección da Ribeira do Mar contra a contaminación. Estes medios integraranse nas operacións de resposta do Plan Camgal cando os Plans estatais non estean activados.

As actuacións nesta fase comprenderán as do nivel mínimo de emerxencia máis as descritas no cadro de actuacións.

3.2.3. Emerxencia en nivel máximo

A magnitude da emerxencia en nivel máximo require da solicitude pola dirección do Plan Camgal da activación do Plan Marítimo Nacional e/ou do Plan Estatal de Protección da Ribeira do Mar contra a contaminación e a integración dos medios adscritos ao Plan Camgal nas operacións dos plans de ámbito superior activados.

As actuacións nesta fase comprenderán as do nivel medio de emerxencia máis as descritas no cadro de actuacións.

No seguinte cadro descríbense as actuacións en función da fase e nivel de emerxencia:

Situación SNR	Fase e nivel de Activación do Plan Camgal		Actuacións
0	**Alerta**		• Observación, vixilancia e predición do episodio cos medios terrestres, marítimos ou aéreos necesarios. • Procedementos de comunicación e mobilización preparados e en estado de alerta. • Activación dos plans interiores e/ou locais correspondentes.
1	**Emerxencia**	**Nivel mínimo**	• Coordinación das operacións levadas a cabo polos medios adscritos aos plans de ámbito inferior. • Mobilización á zona da emerxencia dos medios necesarios. • Asegurar a zona e ás persoas involucradas na resposta. • Cortar a fonte do derrame. • Contención do derrame. • Avaliación preliminar e elaboración do POLREP. • Toma de mostras segundo o protocolo. • Recuperación do produto. • Protección dos recursos socioeconómicos e medioambientais.

2		**Nivel medio**	• Solicitude da suspensión dos servizos ordinarios do persoal involucrado na resposta. • Solicitude de mobilización dos medios adscritos aos Plans de ámbito nacional á zona da emerxencia e integración dos mesmos na resposta.
2-3		**Nivel máximo**	• Solicitude de activación dun ou máis Plans de ámbito nacional. • Integración nos órganos de coordinación dos Plans Nacionais.
Fin da continxencia			• Retirada gradual dos operativos e medios despregados. • Poñer fin ás actuacións do CECOP, dos Grupos de Resposta e das Unidades de Apoio. • Impulsar as accións necesarias para a rehabilitación e seguimento das zonas danadas, limpeza e retirada dos residuos, descontaminación dos equipos empregados nas operacións de resposta e avaliación de custos. • Xestionar os residuos xerados durante as operacións de resposta. • Elaboración do informe final.

Todas as actuacións quedarán reflictas a través da Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia axustándose na medida do posible, ao modelo "Reporte de operacións" que figura no Capítulo IV Anexo Reporte de Operacións.

4. ACTIVACIÓN E DESACTIVACIÓN DO PLAN CAMGAL

A activación do Plan Camgal correspóndelle á persoa titular da dirección quen, en función da natureza, gravidade e extensión da continxencia, decidirá o nivel de activación do Plan, informando á persoa titular da Presidencia.

Para activar o Plan Camgal a persoa titular da dirección contará co apoio das persoas encargadas da coordinación de operacións. O nivel de activación do Plan incrementará

ou diminuirá no tempo segundo evolucione a continxencia e de acordo cos criterios descritos anteriormente.

A organización da resposta ante as continxencias derivadas por contaminación mariña accidental contida no Plan Camgal contempla estruturas de resposta en terra e en mar. Tendo en conta a natureza, localización e os medios de resposta necesarios para facer fronte á continxencia, á persoa titular da dirección do Plan decidirá, en función da necesidade, a activación dunha ou das dúas estruturas de resposta en terra e en mar de maneira simultánea ou graduada no tempo. Non obstante, transmitirase a información necesaria á persoa responsable da coordinación do grupo que non foi activado.

4.1. Protocolo de activación

Recibida a primeira notificación, se existe sospeita dalgún dos supostos que orixinen a activación do Plan Camgal procederase a por en marcha todas as accións necesarias para dar resposta á continxencia coa maior axilidade posible.

A activación do Plan Camgal seguirá a seguinte cadea de actuacións:

1. Recepción da primeira notificación e **Aviso de Incidencia** na dirección do Plan
2. Activación do **Sistema de Vixilancia** segundo corresponda na costa ou no mar
3. **Verificación** dos feitos
4. Suceso non existente ou emerxencia ordinaria: FIN DE ACTUACIÓNS
5. Suceso verificado: avaliación inicial, inicio das medidas operacionais posibles para reducir os riscos e as perdas (cortar a fonte do derrame, asegurar a zona, etcétera) sempre antepoñendo a seguridade do persoal de resposta; e se procede, toma de mostras segundo protocolo
6. Elaboración dun primeiro Informe de Contaminación **POLREP**
7. **Activación** do Plan Camgal segundo os criterios descritos no apartado 3
8. Se a activación é en ALERTA ou EMERXENCIA NIVEL MÍNIMO, o **CECOP** constitúese co Director/a do Plan e máis a persoa ou persoas responsables da coordinación de operacións en costa ou en mar segundo afecte a continxencia
9. Mobilización dos **Grupos de Resposta** e das **Unidades de Apoio** oportunos
10. Avaliación continuada da situación e adecuación do nivel de activación segundo a mesma
11. Se a activación alcanza o nivel de EMERXENCIA NIVEL MEDIO, incorporación no CECOP, se procede, do **Comité de Dirección** e do **Comité Técnico Asesor**
12. Se a activación alcanza o nivel de EMERXENCIA NIVEL MÁXIMO, integración nos órganos de coordinación dos Plans Nacionais

13. Se a situación reflicte o fin dos supostos de activación e permanece baixo control se procederá á **Desactivación do Plan**

O Plan Camgal poderá activarse simultaneamente en diferentes continxencias por mor de incidentes que teñan a súa orixe en lugares diferentes da Comunidade Autónoma. Nestes casos, a distribución dos medios de resposta farase en base á natureza e gravidade da continxencia e a proximidade dos medios a empregar e sempre baixo o criterio do CECOP.

4.2. Desactivación do Plan Camgal

A desactivación do Plan Camgal cando a situación da continxencia reflicta o fin dos supostos de activación, e permaneza baixo control, correspóndelle á persoa titular da dirección, informando á persoa titular da Presidencia.

Para desactivar o Plan Camgal a persoa titular da dirección contará co apoio das persoas encargadas da coordinación de operacións. Para a desactivación do Plan, o/a director/a do Plan levará a cabo as seguintes accións:

- Poñer fin ás actuacións do CECOP ordenando en colaboración cos/coas coordinadores/as de operacións a retirada gradual dos operativos e medios despregados para as operacións de loita contra a contaminación mariña accidental.
- Poñer fin ás actuacións das unidades de apoio constituídas.
- Impulsar as accións necesarias para a rehabilitación e seguimento das zonas danadas, limpeza e retirada dos residuos, descontaminación dos equipos empregados nas operacións de loita contra a contaminación mariña accidental e avaliación de custos.
- Colaborar co Comité de Dirección na elaboración do informe final.
- Colaborar aportando a información da que dispoña, coas accións que teñan por obxecto a tramitación das solicitudes de compensación oportunas.

5. PROTOCOLO DE NOTIFICACIÓN

A axilidade na posta en marcha das actuacións de resposta é fundamental nas operacións de salvamento e loita contra a contaminación mariña accidental polo cal, é imprescindible a transmisión rápida da alarma e da información dispoñible a todos os organismos involucrados nas operacións de resposta. Desta maneira poderanse adoptar, o antes posible, todas as medidas necesarias para facer fronte á emerxencia.

5.1. Aviso de Incidencia

Con carácter xeral, toda Administración pública ou persoa que coñeza dun suceso de contaminación mariña accidental que afecte ou poida afectar á costa da Comunidade Autónoma de Galicia, está obrigada a poñelo en coñecemento da Administración autonómica aos efectos previstos no Plan Camgal.

Esta comunicación realizarase aos teléfonos do Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia ou á Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia (981 54 40 70) ou ao Centro de Coordinación de Salvamento de Fisterra (981 76 73 20).

O aviso inicial sobre o suceso de contaminación debe recoller, na medida do posible, información que permita completar os datos do modelo POLREP Galicia que figura no Capítulo IV Anexo POLREP. Este documento, de ser posible, deberá ser cumprimentado polo propio observador do suceso, polo organismo, autoridade, organización, entidade ou empresa que coñeza o mesmo e deberá ser remitido urxentemente á Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia e demais organismos competentes que proceda. No caso de que o informador non dispoña dun modelo normalizado deberá ser a persoa que reciba a información quen o cumprimente solicitando para elo os datos precisos ao comunicante.

Cando a contaminación se derive de sustancias nucleares, radiolóxicas ou químicas, a persoa titular da dirección do Plan comunicarállelo ao Consello de Seguridade Nuclear.

Ao recibir a comunicación da incidencia o/a operador/a da Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia cursará un **Aviso de Incidencia**:

- á persoa responsable da dirección do Plan Camgal,
- se compre, á persoa responsable da coordinación de operacións no mar,
- se compre, á persoa responsable da coordinación de operacións en terra.

5.2. Notificación da activación do Plan Camgal

As notificacións durante a continxencia levaranse a cabo mediante calquera medio telemática, e preferentemente a través da Sala de Operacións de Galicia (981 54 40 70) na que, en calquera dos casos, quedará constancia das notificacións emitidas e recibidas con toda a información relativa a cada unha delas axustándose na medida do posible, ao modelo "Reporte de notificacións" que figura no Capítulo IV Anexo Reporte de Notificacións.

Fase e nivel de Activación do Plan Camgal		Quen	A quen
Alerta		DIRECTOR/A	• Coordinadores de Operacións afectados en Terra e no Mar. • Presidente/a do Plan. • Responsables das Unidades de Apoio UOP e UDAC a través da dirección do INTECMAR. • Responsables dos plans locais de protección da beiramar ou dos plans interiores marítimos afectados.
		COORDINADORES/AS DE OPERACIÓNS	• Unidades de vixilancia e seguimento correspondentes.
Emerxencia	**Nivel mínimo**	DIRECTOR/A	• Presidente/a do Plan. • Autoridades marítimas da zona afectada. • Centro de Atención de Emerxencias 112. • Responsables dos plans locais de protección da ribeira do mar (Plans locais) ou dos plans interiores marítimosafectados.
		PRESIDENTE/A	• Delegación do Goberno.
		COORDINADORES/AS DE OPERACIÓNS	• Grupos Operativos de Resposta e Unidades de Apoio.
	Nivel medio	DIRECTOR/A	• Membros do Comité de Dirección. • Membros do Comité Técnico Asesor. • Órgano de coordinación entre o Plan Camgal e o Plan Marítimo Nacional (PMN).
		PRESIDENTE/A	• Delegación do Goberno.
	Nivel máximo	DIRECTOR/A	• Consello de Dirección contemplado no Sistema Nacional de Resposta.
		PRESIDENTE/A	• Delegación do Goberno.
		COORDINADORES/AS DE OPERACIÓNS	• Consello Técnico Asesor do PMN e do Plan Ribera.
Fin da continxencia		DIRECTOR/A	• Presidente/a do Plan. • Autoridades marítimas da zona afectada. • Centro de Atención de Emerxencias 112. • Responsables das Unidades de Apoio UOP e UDAC a través da dirección do INTECMAR. • Responsables dos Plans locais ou dos plans interiores marítimos afectados.
		PRESIDENTE/A	• Delegación do Goberno.

6. CRITERIOS DE COORDINACIÓN DE OPERACIÓNS ENTRE DISTINTOS PLANS DE CONTINXENCIAS

Na resposta ás emerxencias é fundamental que os grupos dos diferentes plans de actuacións involucrados estean coordinados entre si. Unha boa coordinación é imprescindible para que a resposta sexa áxil e eficaz e se minimicen as consecuencias da continxencia e se racionalice o uso dos equipos materiais e humanos dos que dispón a Comunidade Autónoma. O Plan Camgal seguirá os seguintes criterios de coordinación:

- Cando estean activados o Plan Camgal e un plan interior marítimo e/ou un plan local de protección da ribeira do mar contra a contaminación, a coordinación das operacións no mar e en terra será exercida polos/as coordinadores de operacións do Plan Camgal.
- Cando estean activados o Plan Camgal e un plan de ámbito superior dos previstos na normativa estatal, a coordinación de operacións farase segundo o descrito na normativa estatal referente na materia. A persoa titular da dirección do Plan Camgal integrarase nos órganos de coordinación establecidos para tal efecto.
- A estrutura organizativa con que conta o Plan Camgal para facer fronte a operacións no mar poderá formar parte do subsistema marítimo nos termos establecidos no artigo 3.1 do Sistema Nacional de Resposta.
- Cando estea activado o Plan Camgal e se necesiten medios adscritos a un Plan de ámbito superior dos previstos na normativa estatal, sen estar este activado, a persoa titular da dirección do Plan Camgal poderá solicitar, en virtude do principio de cooperación interadministrativa, a colaboración da Administración Xeral do Estado. En concreto, na situación 2 de emerxencia, segundo establece o artigo 7.2 do Sistema Nacional de Resposta, poderá solicitar do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana o apoio de medios marítimos e, de ser o caso, a activación do Plan marítimo nacional. Así mesmo, poderá solicitar do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a mobilización dos medios do Plan estatal de protección da ribeira do mar contra a contaminación e os ditos medios integraranse no Plan Camgal.
- O Plan Camgal adoptará o procedemento de coordinación necesario entre os órganos de dirección deste plan e os órganos de dirección do Plan territorial de emerxencias de Galicia, para o caso de que estean simultaneamente os dous activados nalgún dos seus niveis.

O Plan Camgal, sen estar activado, poderá colaborar con outros plans de continxencias poñendo a disposición destes os seus medios.

7. PLAN ILLAS ATLÁNTICAS

Cando a continxencia afecte ao Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, a activación, notificación, coordinación e desactivación axustaranse ao establecido no Plan *Illas Atlánticas* (Capítulo V Anexo Plan Illas Atlánticas).

Capítulo V

Contido

1. Antecedentes 2
2. Consideracións na planificación da resposta 2
2.1. Consideracións relacionadas coa seguridade e a saúde 3
2.2. Consideracións relacionadas co escenario da continxencia 4
2.3. Consideracións na elección das técnicas de resposta 6
2.4. Consideracións respecto á dispoñibilidade de equipos humanos e materiais 8
2.5. Consideracións respecto á coordinación 9
3. Substancias contaminantes 10
3.1. Hidrocarburos (HC) 10
3.2. Substancias nocivas potencialmente perigosas (SNPP) 11
3.2.1. Substancias que se evaporan 11
3.2.2. Substancias que flotan 12
3.2.3. Substancias que se afunden 12
3.2.4. Substancias que se disolven 13
4. Procedementos de resposta no mar 13
4.1. Participación do voluntariado profesional do mar 13
5. Procedementos de resposta en terra 14
5.1. Participación do voluntariado ambiental en terra 15
5.2. Avaliación da liña costeira (SCAT) 15
5.3. Xestión de residuos 16
5.4. Espazos Naturais protexidos de Galicia 16
5.4.1. Plan *Illas Atlánticas* 16

5.5. Xestión da fauna afectada 16
6. Toma de mostras 17
7. Comunicación da información á poboación 18
8. Recollida de evidencias para a xestión de compensacións 19
9. Fin das actuacións 20

1. ANTECEDENTES

A experiencia ao longo dos anos de andadura do Plan Camgal demostrou que non existen dúas continxencias iguais e por tanto, é necesario que a resposta en cada ocasión se adapte as condicións da mesma. Por outra banda, o traballo diario desenvolvido polos actores da resposta tanto en Galicia como en outras partes do mundo, así como os avances das tecnoloxías que poden ser aplicadas en estes episodios, fan que os protocolos de resposta non poidan permanecer estáticos no tempo. Un mellor coñecemento da costa galega, unha mellora dos medios dispoñibles para a loita contra a contaminación mariña e unha mellor preparación do persoal involucrado na resposta, supoñen que os protocolos de resposta sexan dinámicos e estean en continua modificación e adaptación aos escenarios que poidan acontecer.

Neste capítulo, establécense dunha maneira xenérica as consideracións e os protocolos a ter en conta na resposta ante episodios de contaminación mariña accidental. Así mesmo, tendo en conta a experiencia que diferentes organismos internacionais teñen na loita contra a contaminación mariña e na publicación de guías e procedementos de gran utilidade nestes eventos, faise referencia a algúns deles ao longo do texto e inclúense na Web do Plan Camgal co fin de facilitar a comprensión dos protocolos de resposta.
Por outra banda, na medida do posible, o Plan Camgal conta co desenvolvemento de guías que pretenden adaptar á realidade galega os recursos xenéricos anteriormente mencionados.

2. CONSIDERACIÓNS NA PLANIFICACIÓN DA RESPOSTA

Para levar a cabo unha resposta eficaz ante un episodio de contaminación mariña accidental é fundamental coñecer no maior grao de detalle posible, as características da substancia contaminante vertida e do escenario onde aconteceu a continxencia para poder prever así o seu comportamento e as súas consecuencias no entorno da zona

afectada. As operacións de resposta deben ser axeitadas ao tipo de contaminante, á zona afectada e ao nivel de emerxencia no que se active o Plan.

As emerxencias de nivel mínimo son relativamente pequenas e afectan a unha zona moi localizada e poden facerse fronte con recursos locais, normalmente situados cerca das areas afectadas e xestionadas polos operadores da zona.

As emerxencias de nivel medio son mais complexas e requiren da actuación coordinada de distintos grupos e supoñen unha maior dificultade na xestión do incidente. Nestas continxencias mobilízanse recursos alleos á zona afectada desde locais de almacenamento de material de loita contra a contaminación mariña. Así mesmo, pódese requirir a asistencia de medios alleos ao Plan Camgal co conseguinte incremento nos labores de coordinación entre grupos de diferente natureza.

As emerxencias de nivel máximo son afortunadamente as menos frecuentes pero poden causar danos severos, afectar a grandes áreas e superar a capacidade de resposta da Comunidade Autónoma. Os recursos necesarios para facer fronte a estas emerxencias son de natureza moi diversa e necesitan ser mobilizados de xeito rápido requirindo dunha coordinación ben organizada.

A estratexia de resposta debe ter en conta unha serie de consideracións co fin de resultar o máis efectiva posible, minimizando os danos ocasionados pola continxencia. Estas consideracións van dende o ámbito da seguridade das persoas, recompilación da información relevante, comportamento da substancia vertida, características da zona afectada ou recursos humanos e materiais dos que se dispón para facer fronte á situación.

As distintas organizacións a nivel mundial que operan con este tipo de continxencias por contaminación mariña accidental desenvolveron numerosas guías que poden apoiar os labores de resposta. Convén que o persoal involucrado no Plan Camgal estea familiarizado coas prácticas máis habituais utilizadas neste tipo de escenarios.

2.1. Consideracións relacionadas coa seguridade e a saúde

A seguridade da poboación, da tripulación en caso de buques, do persoal da instalación en caso de ser esta a orixe do vertido, e dos equipos de intervención, debe constituír a prioridade número un cando se afronta a resposta. Neste senso as primeiras accións irán encamiñadas a:

- facilitar os labores de salvamento: o traballo dos equipos de salvamento e evacuación das tripulacións dos buques e do persoal das empresas e instalacións involucradas no incidente é prioritario. Convén facilitar o seu labor na medida do posible con accións como despexar as vías de evacuación axilizando así o traslado das persoas afectadas.

- protección da poboación da zona afectada evitando o seu achegamento ás proximidades do vertido: sempre que exista un vertido convén afastar a presencia de persoal que non participe na resposta. Na medida do posible, establecerase unha zona de acceso restrinxido mediante cintas e avisos á poboación de non achegarse ás áreas afectadas.
- avaliación do risco: teranse en conta a lo menos as características físico-químicas da substancia derramada (inflamabilidade, explosividade, toxicidade, desprazamento do osixeno, etc.), o entorno de traballo (accesos, chan esvaradío, costas expostas, desniveis, acantilados, falta de luz natural, etc.), as condicións océano-meteorolóxicas (zonas afectadas por mareas, correntes, vento, ondada, profundidade, choiva, condicións meteorolóxicas adversas, etc.), a maquinaria utilizada durante as operacións de resposta (cargas, equipos pesados, perigos de golpes por guindastres, etc.) e outros factores externos que poidan xurdir (fatiga, deshidratación, golpes de calor, intoxicacións respiratorias, accidentes, etc.).
- toma de medidas preventivas para os equipos de resposta: todo o persoal que participa na resposta debe ter formación na prevención de riscos laborais e coñecer cales son os riscos aos que se enfronta, as características das zonas de actuación, as rutas de evacuación, coma actuar en caso de urxencia, etc. Mais o punto fundamental é que o persoal de resposta coñeza o equipo de protección individual (EPI) que necesita utilizar, o seu manexo e limitacións, etc. Para elo é importante que comprenda os modos de exposición (inhalación, inxestión e absorción a través do contacto coa pel ou os ollos) e interiorice que o entorno de traballo pode cambiar e debe coidarse e coidar aos/ás compañeiros/as.

Os EPIs escolleranse en función da substancia vertida e dos traballos a realizar, sempre deben de protexer as seguintes zonas corporais: ollos, cabeza, tronco, mans e brazos, pes e pernas, sistema auditivo e sistema respiratorio.

No Capítulo V_Anexo_Identificación de peligros y EPIs recóllense fichas para facilitar a identificación dos perigos, as vías de exposición e os EPIs existentes. Na guía elaborada por IPIECA (The global oil and gas industry association for advancing environmental and social performance) IPIECA_Buenas prácticas salud recóllense as directrices e boas prácticas no referente a saúde do persoal involucrado na resposta de este tipo de continxencias.

2.2. Consideracións relacionadas co escenario da continxencia

Antes de despregar o operativo de resposta faise necesario facer unha primeira avaliación da situación á que hai que enfrontarse. Neste sentido, é importante recoller rapidamente a maior cantidade de información posible sobre o escenario no que hai

que actuar e a súa previsión de deriva nas horas a seguir dende que se produciu a continxencia. Algunhas das preguntas que se debe facer o equipo de resposta son:

- **Control da fonte**
  - coñecese a fonte do vertido?, segue a verterse produto?, pódese cortar a fonte do vertido de forma segura? Ante calquera continxencia que provoque unha vertedura é importante que a cantidade vertida sexa a menor posible. Un dos primeiros pasos é o control seguro da fonte de vertido co fin de deter o fluxo o máis axiña posible. Habitualmente esta tarefa faise mediante o peche de chaves, comportas, sumidoiros, etc. co uso de dispositivos como tapóns, mantas asfálticas, etc. que faciliten o selado polo que escapa a substancia. Se o selado non é posible, tamén pode procederse ao desvío e contención da substancia derramada para facilitar a súa recollida.
- **Características do vertido**
  - que produto ou produtos foron vertidos? En función do produto que fora vertido, a estratexia de resposta pode variar considerablemente. Normalmente á hora de escoller as actuacións a por en marcha, considéranse dous grandes grupos de substancias, hidrocarburos (HC) e substancias nocivas potencialmente perigosas (SNPP).
  - que cantidade foi vertida? Independentemente de si se trata dun HC ou dunha SNPP intentarase coñecer a cantidade vertida para poder dimensionar mellor os equipos necesarios para a súa contención e recuperación. Ademais de coñecer canto foi vertido, é importante saber canta cantidade é susceptible de ser vertida. Esta información pode obterse no documento de embarque no caso dun buque ou a través dos responsables da instalación en terra que orixinou o vertido.
  - coñécense as características físico-químicas dos produtos e o seu comportamento en contacto ca auga ou co aire? Tanto nos casos nos que aparecen HC como no caso das SNPP é importante ter en conta que as súas propiedades físico-químicas van condicionar o seu comportamento co ambiente no que se atopan e a severidade que supoñen para a resposta, marcando as zonas de risco e exclusión a delimitar por razóns de toxicidade, combustión explosión ou radiación.
  - pódese conter o vertido de maneira efectiva? Sempre que teñamos a posibilidade, a substancia vertida debe ser retida mediante métodos mecánicos como as barreiras de contención e o material absorbente, para evitar que afecten ás zonas non contaminadas e se facilite así a súa recollida. A contención no mar mediante barreiras flotantes é a técnica máis empregada para o caso dos HC e das SNPP que flotan na superficie (ver sección *Barreras de contención* no Capítulo V Anexo Resposta ante contaminación por HC). Nos vertidos

procedentes de terra as barreiras de contención axudan a evitar que a substancia vertida chegue ao mar ou incremente o seu espallamento.

En ocasións, por diversos motivos, como unhas condicións océano meteorolóxicas adversas, localización etc., a contención non é posible e as barreiras poden ser utilizadas para desviar a deriva do vertido cara a zonas de sacrificio evitando que penetren en ecosistemas cunha maior sensibilidade medioambiental e maior dificultade de recuperación. Estas zonas deben coincidir na medida do posible coas zonas nas que de forma natural se acumulan as substancias que flotan no mar.

- **Evolución do escenario**
  - cales son as condicións océano meteorolóxicas e a súa predición nas próximas horas? As correntes, o vento, a temperatura, a choiva, etc., inflúen sobre a substancia contaminante afectándoa nos seus procesos de envellecemento e comportamento. Meteogalicia conta cunha información moi detallada, tanto do estado actual como da predición, que no caso de ter lugar un episodio deste tipo é de gran utilidade e de rápido acceso. Así mesmo, no visor do Plan Camgal pode consultarse a predición do vento, das correntes mariñas, da ondada, da temperatura da auga, así como doutras variables observadas como son as correntes mariñas medidas pola Rede exterior galega de radares HF.
  - cal é a evolución máis probable da vertedura? Un aspecto importante para poder adiantar a resposta é coñecer cal é a súa deriva máis probable. O Plan Camgal activa sempre que sexa necesario a Unidade de Observación Próxima coordinada polo INTECMAR, que é responsable de facer o seguimento e predicir a súa deriva, poñendo a disposición dos responsables da resposta toda a información cartografada relativa a estes aspectos. O persoal que se atopa nas inmediacións da zona afectada debe contribuír a recoller información solicitada por dita unidade.

2.3. Consideracións na elección das técnicas de resposta

A elección da técnica de resposta a empregar en cada caso dependerá de numerosos factores, entre outras consideracións a ter en conta están:

- **Recollida da vertedura**
  - pódese recoller o vertido de maneira efectiva? A mellor maneira de minimizar o efecto da substancia vertida é a súa retirada do medio, se ben isto non é sempre posible ou incluso non é sempre recomendable como nos casos nos que a técnica de resposta poda ocasionar danos adicionais ao entorno. Convén recoller a substancia vertida que se encontra na auga antes de que alcance o litoral, para elo un dos métodos máis utilizados é a recuperación do contaminante flotante confinado coas barreiras de contención mediante o uso

de *skimmers*. Tamén poden utilizarse absorbentes para a recollida do contaminante na superficie, estes materiais, xeralmente de cor branco, absorben preferentemente HCs en vez de auga aínda que existen tamén absorbentes específicos para substancias químicas que habitualmente son de cor amarelo. O Plan Camgal dispón de abundante material absorbente con distinto formato, barreiras, panos, almofadas, obturadores de arqueta, etc., que facilitan enormemente a primeira intervención de recollida. O Anexo Capítulo V Anexo Resposta ante contaminación por HC recolle as principais características da utilización tanto dos *skimmers* como do material absorbente do que dispón o Plan Camgal.

- **Almacenamento temporal**
  - disponse de zonas preparadas para acoller o produto recollido? O produto que se recolle ten que tratarse de maneira segura para evitar contaminación de zonas non afectadas e que poda dárselle a mellor xestión posible. Tanto o produto recollido mediante bombas ou *skimmers* como todo o material absorbente contaminado que se vai retirando debe tratarse axeitadamente.
- **A limpeza da costa**
  - cal é a mellor técnica de limpeza das zonas costeiras afectadas en función da súa sensibilidade medioambiental? Desafortunadamente, en moitas continxencias tanto de orixe mariña como de orixe terrestre, a substancia contaminante alcanza a franxa costeira e faise imprescindible avaliar a mellor técnica de limpeza da mesma. Non debe esquecerse que en certas zonas aproveitar os procesos naturais para a eliminación do contaminante como o efecto da ondada ou a biodegradación, evitan a utilización de técnicas de limpeza intrusivas que poden danar en maior medida o ecosistema.

    O Plan Camgal conta cun atlas de limpeza detallado para cada tramo da costa galega que indica cal é a mellor técnica en función da sensibilidade medioambiental da zona recollido no Capítulo V Anexo Atlas de limpeza.
- **Análise de beneficios medioambientais netos (NEBA)**

A análise de beneficios medioambientais netos á hora de escoller a mellor técnica de resposta implica consideración e criterio para comparar as posibles consecuencias de utilizar cada unha delas. É un proceso que intenta garantir que se minimizan os impactos dos vertidos sobre a poboación e sobre o medio ambiente. Esta análise conta de catro pasos: avaliación dos datos cos que se conta, predición das consecuencias derivadas da afectación sobre os recursos e o entorno, sopesar vantaxe e desvantaxes da aplicación das técnicas de resposta e finalmente a selección das mellores opcións de resposta.

Na guía desenvolvida por IPIECA NEBA poden encontrarse as principais directrices que contempla esta análise entre as que se atopa como vai verse afectada a zona e os

recursos pola aplicación da técnica de resposta escollida. Sempre que se escolla unha técnica de resposta hai que ter en conta o efecto que esta pode ter sobre as zonas onde é aplicada e arredores así como sobre os recursos que presentan as mesmas. Convén avaliar con detalle ás zonas de acceso e especialmente a protección dos recursos vexetais, animais e paisaxísticos das áreas de intervención.

- **Limitación, seguimento e adaptación da actuación**
  - que limitacións hai para aplicar a técnica escollida? Faise imprescindible, avaliar as limitacións que puideran xurdir á hora de aplicar a técnica escollida, xa que por diversas razóns, ben materiais, ben medioambientais, non sempre é posible aplicar a que teoricamente é a mellor técnica de resposta, polo que hai que escoller a seguinte mellor valorada.
  - avaliación da efectividade da resposta elixida e da súa adaptación ao longo do tempo que dure a continxencia, tanto o produto derramado como as condicións de traballo poden variar ao longo do tempo, especialmente cando o episodio prolóngase no tempo, polo que é fundamental adaptar continuamente a resposta á situación no momento. A efectividade da técnica que se está a empregar pode que decreza no tempo sendo o esforzo humano e material invertido non efectivo e se faga imprescindible cambiar cara a un mellor resultado da resposta.

2.4. Consideracións respecto á dispoñibilidade de equipos humanos e materiais

É obvio que a dispoñibilidade de recursos humanos e materiais vai a ser un dos condicionantes da resposta que poda escollerse. En función desta dispoñibilidade deberan plantexarse os primeiros pasos da resposta. Entre as consideracións a ter en conta nestes aspectos atópase:

- **Primeira intervención**

Os equipos de primeira intervención son aqueles que axudan a controlar a vertedura ata que chegan os medios de maior capacidade, os cales habitualmente atópanse nos almacéns de material e por tanto, demoran certo tempo en chegar.

A primeira intervención faise habitualmente con medios absorbentes que axudan a reter o vertido evitando que este se espalle a través de canles como sumidoiros, tomas de auga, etc.

- **Dispoñibilidade de medios**

  - de que equipos pódese dispor?, cal é a súa capacidade?, onde están os equipos?, canto tempo necesitan para chegar? Á hora de escoller as técnicas de resposta a empregar para facer fronte á continxencia temos que considerar os medios que se necesitan para elas, a capacidade dos mesmos, o tempo que demora a súa

chegada, etc., adecuando as actuacións á realidade. Por outra banda, é necesario dimensionar axeitadamente as necesidades de equipos para a resposta e facilitar así a mesma e evitar atrasos ou esforzos innecesarios.

- necesítase requirir o apoio de máis medios? O seguimento da evolución do vertido é fundamental para poder adiantarse ás necesidades de resposta. Co transcorrer do tempo a continxencia pode variar e pode ser necesario dispor de novos equipos tanto humanos para relevar aos actuais, como materiais cunhas características determinadas. En función da duración da continxencia, especialmente se esta alongase no tempo, faise necesaria a planificación da asistencia aos equipos humanos nos aspectos de alimentación, descanso, relevo, compensación, etc. O Plan Camgal conta coa posibilidade de desprazar medios tanto propios como alleos de outras zonas ou dependentes de outras administracións. Se ben, a xestión destes medios pode tomar algo de tempo, polo que convén adiantarse na previsión e remitir a información das necesidades ás persoas responsables da coordinación para que poidan tramitar o máis axiña posible estas solicitudes.

2.5. Consideracións respecto á coordinación

Unha boa coordinación é clave para que os diferentes equipos de resposta complementen o seu labor incrementando a efectividade da resposta. Neste senso debe considerarse:

- **Coordinación das operacións**

  - quen coordina a resposta e como me comunico coa coordinación? Para que a resposta á continxencia sexa eficaz, é imprescindible que todos os involucrados en ela coñezan a organización da mesma, o Plan Camgal conta como reflexa o capítulo de estrutura organizativa, cunha organización do traballo en función de onde se desenvolve a resposta, na auga o na costa. En cada un dos casos, existe unha persoa responsable da coordinación das operacións que ten a seu cargo e de manter informado ao centro de coordinación operativa e á dirección do Plan.

- **Comunicacións**

  - Como deben comunicarse os equipos? As comunicacións durante os labores de resposta quedarán establecidos polo coordinador/a correspondente, quen escollerá o mellor medio telemático para elo e manterá informada e á dirección do Plan e á Sala de Operacións de Gardacostas para que todas as comunicacións queden rexistradas na medida do posible.

3. SUBSTANCIAS CONTAMINANTES

Co fin de facilitar a elección das mellores técnicas de resposta, no Plan Camgal analízanse por separado os dous grupos de substancias: hidrocarburos e substancias nocivas potencialmente perigosas. Non obstante, nas tarefas de resposta existen numerosos aspectos que son de común aplicación en calquera dos grupos de substancias e na realidade teranse en conta todas as opcións con independencia da natureza do vertido.

3.1. Hidrocarburos (HC)

As propiedades físicas e químicas dos petróleos crús presentan grandes diferenzas segundo a súa orixe, mentres que os produtos refinados manteñen unhas propiedades ben definidas independentemente do cru do que deriven. Os produtos residuais tales como fueles intermedios e pesados, conteñen proporcións variables de compostos non refinados mesturados con outros refinados lixeiros, polo que presentan tamén variacións importantes nas súas propiedades fisicoquímicas.

As principais propiedades físicas que afectan ao comportamento e persistencia dun HC vertido no mar son: a gravidade específica que define a súa densidade, as características de destilación que describen a súa volatilidade, a viscosidade e o punto de fluidez. Todas elas dependentes da composición química.

Os cambios fisicoquímicos e biolóxicos aos que se ve sometido un HC derramado son coñecidos como envellecemento ou meteorización (*weathering*). Aínda que os procesos individuais que provocan estes cambios poden actuar simultaneamente, a súa importancia relativa varía co tempo, determinando o comportamento do HC e o seu destino. Entre os procesos caben destacar:

- espallamento, ou propagación dunha mancha de HCs na superficie do mar,
- a evaporación, que representa o proceso máis importante de eliminación dos HCs lixeiros,
- a dispersión ou formación de gotas en suspensión na columna de auga producida polas ondas e a turbulencia na superficie do mar,
- a emulsificación, que é debida a que a meirande parte dos HCs teñen tendencia a absorber auga para formar emulsións que incrementan o volume do produto,
- a disolución, que consiste na separación das partículas do HC no medio líquido no que se incorporan,
- a oxidación, prodúcese ao reaccionar os HCs co osíxeno, dando compostos de características químicas diferentes,
- a sedimentación ou afundimento de HCs, que polo xeral, prodúcese por adhesión de residuos orgánicos ou partículas de sedimento,

- a biodegradación ou biooxidación, que supón o proceso natural de eliminación por parte de microorganismos mariños de materia orgánica contaminante, ao transformarse en dióxido de carbono e auga que se incorpora facilmente ao ambiente.

O movemento dunha mancha e os cambios producidos polo envellecemento do HC determinan o tipo de actuación que se levará a cabo, polo que a monitorización e seguimento do vertido é fundamental á hora de responder ante unha continxencia. O movemento dun HC no mar ven determinado principalmente por tres variables: as súas características físico químicas, o vento e a corrente.

No Capítulo V Anexo Resposta ante contaminación por HC recóllense os principais conceptos e técnicas de resposta ante a contaminación por HCs.

3.2. Substancias nocivas potencialmente perigosas (SNPP)

Nos casos de emerxencias nas que se teña sospeita de que podan estar presentes substancias potencialmente perigosas distintas dos HCs, a prioridade é a identificación destas. Así mesmo, é fundamental coñecer o risco que ditas substancias supoñen tanto para as persoas como para o ambiente. Os factores que van determinar a severidade do evento veñen condicionadas maioritariamente polas propiedades físicas e químicas da/s substancia/s que condicionan o seu comportamento co ambiente no que se encontran.

A información básica das substancias encontrase nas fichas de seguridade (MSDS) que debe posuír o responsable da instalación ou embarcación que almacena ou transporta a substancia susceptible de ser vertida. Así mesmo existen bases de datos dedicadas a recoller información das substancias e dos seus posibles efectos ambientais.

Ao igual que no caso dos HCs, as primeiras estratexias de resposta deben ir encamiñadas a cortar a fonte de vertido, identificando a vertedura e a área afectada pola mesma. Non obstante, a peculiaridade que presentan algunhas das SNPP fan necesario ter en conta o comportamento da substancia vertida antes de escoller as técnicas de resposta.

3.2.1. Substancias que se evaporan

No caso de que a substancia se evapore con gran facilidade as estratexias prioritarias deben de considerar o gas descoñecido como perigoso e asegurarse de que a poboación non corre perigo por inhalación do mesmo tendo en conta as predicións meteorolóxicas dos ventos. Os equipos de resposta irán provistos do equipo de protección adecuado e estarán cualificados para atender a emerxencia. O CECOP asegurarase de que se toman as medidas necesarias entre as que destacan:

- a alerta inmediata ao persoal da instalación ou embarcación onde ten lugar a continxencia, aos grupos de resposta da zona e á poboación civil das zonas preto da área de incidencia,
- ordenar a evacuación da poboación en caso de que se estime oportuno e delimitar as zonas de acceso,
- cortar as posibles fontes de ignición,
- cortar o máis rápido posible a fonte de vertido,
- identificar as substancias e a súa posible evolución.

As principais técnicas de resposta centraranse en:

- a predición da dispersión da nube tóxica e da deriva do contaminante na auga, para o cal a Unidade de Observación Próxima utilizará os modelos numéricos dos que dispoña.
- monitorización mediante medidas *in situ* con detectores de gases que permitan a identificación da súa inflamabilidade e explosividade.
- utilización de sistemas mecánicos axeitados que axuden a limitar o escape de gases ou se procede, empregar auga pulverizada que refresque as zonas evitando a evaporación de novos gases ou que exerza a función de barreira dos gases existentes. Nestas actuacións evitarase a produción de chispas que puideran servir de ignición do gas.
-

3.2.2. Substancias que flotan

Cando se trate dunha substancia que flota as estratexias prioritarias deben de monitorizar a área afectada e a deriva do vertido tendo en conta a posibilidade de explosión. Ademais das consideracións indicadas no punto anterior no caso destas substancias pódese:

- reducir os procesos de evaporación e o risco de explosión mediante cortinas e aplicación de espumas mediante equipos antiincendio.
- conter e recuperar as substancias que flotan mediante barreiras de contención, materiais absorbentes e *skimmers*.
- dispersar a vertedura se non é tóxica e as condicións ambientais o permiten.

3.2.3. Substancias que se afunden

Cando se trate dunha substancia que se afunde as estratexias prioritarias deben de monitorizar a área afectada tendo en conta a posibilidade de recuperación. Ademais de consideracións indicadas anteriormente pódese tamén:

- utilizar métodos subacuáticos para a súa monitorización.
- recuperar as substancias mediante o emprego de dragas ou sistemas de vacuo.

3.2.4. Substancias que se disolven

Cando se trate dunha substancia que se disolve as estratexias prioritarias deben de monitorizar a área afectada e a deriva da vertedura. Ademais das consideracións indicadas anteriormente pódese tamén:

- monitorizar mediante a toma de mostras e realización de medidas *in situ*
- en caso dos vertidos ácidos ou básicos, e se procede en función da zona afectada, poden empregarse axentes neutralizantes de pH como carbonato sódico e fosfato monosódico.

No Capítulo V Anexo Resposta ante contaminación por SNPP recóllense os principais conceptos e técnicas de resposta ante a contaminación por SNPP.

4. PROCEDEMENTOS DE RESPOSTA NO MAR

A resposta no mar estará supervisada polo/a coordinador/a de operacións no mar quen será a persoa responsable de escoller as técnicas e os medios necesarios a empregar na zona afectada.

A planificación das operacións debe de comezar sempre que sexa posible cando o vertido está aínda na auga e lonxe da liña costeira para evitar operacións no derradeiro minuto e sen unha planificación axeitada. Considérase sempre que as primeiras accións que se deben tomar son: controlar e pechar a fonte de vertido e conter e recoller o vertido na auga evitando ou minimizando a súa chegada á costa.

Os labores de resposta no mar contarán cunha xestión axeitada dos residuos que se recollan intentado que a súa segregación e almacenaxe temporal facilite o seu reciclado na medida do posible.

4.1. Participación do voluntariado profesional do mar

O colectivo profesional da pesca e da acuicultura demostrou durante crises pasadas unha gran eficacia na resposta contra a contaminación mariña ao unirse aos medios humanos e materiais específicos da loita contra a contaminación. O gran coñecemento das súas zonas de traballo xunto coas características das súas embarcacións, fan deste colectivo un gran apoio cando o vertido se fragmenta e aproxima ás zonas costeiras onde os grandes buques especializados na recollida ou embarcacións de maior calado, non son tan eficaces como en augas abertas lonxe da costa.

As operacións de resposta nas que poden prestar apoio os profesionais do mar son numerosas e dependen da natureza e extensión do contaminante vertido. O Plan Camgal contempla a participación deste sector sempre que poida garantirse a seguridade das persoas e das súas embarcacións participantes e dentro do alcance

territorial do Plan. A súa participación levarase a cabo sempre baixo a supervisión do/da coordinador/a de operacións no mar e segundo os requisitos establecidos na guía contida no Capítulo V Anexo Voluntariado no mar. Nesta guía se proporcionan as pautas técnicas e de organización para os xestores da crise e para os profesionais do mar co fin de que poidan levar a cabo una resposta eficaz no caso dunha continxencia. A guía está dividida en catro partes, a primeira delas dirixida aos xestores da crise, especialmente aos responsables das operacións no mar; na segunda parte indícase aos profesionais como deben enfocar a súa participación; a terceira e cuarta parte da guía recollen aspectos xerais sobre o operativo da resposta, a formación e o adestramento necesarios para a participación do sector profesional nos episodios de contaminación mariña accidental.

5. PROCEDEMENTOS DE RESPOSTA EN TERRA

A resposta en terra estará supervisada polo/a coordinador/a de operacións en terra quen será a persoa responsable de escoller as técnicas e os medios necesarios a empregar na zona afectada.

A planificación das operacións debe de comezar sempre que sexa posible antes de que o vertido chegue a liña costeira en coordinación coas operacións no mar no caso de que o vertido proveña do exterior e coas operacións nas augas continentais cando o vertido proceda de terra.

As accións irán encamiñadas a protexer as zonas máis vulnerables evitando ou minimizando na medida do posible que o vertido chegue a elas. Considérase sempre que as primeiras accións que se deben tomar son: controlar e pechar a fonte de vertido e conter e recoller o vertido antes da súa chegada á costa. Unha vez que a contaminación chega a beiramar debe enfrontarse a limpeza das distintas áreas de xeito que o impacto ambiental sexa o mínimo posible.

A información soporte contida no Capítulo II do Plan Camgal recolle a caracterización da costa da Comunidade Autónoma Galega segundo o índice de sensibilidade ambiental. Dita caracterización permitiu identificar as mellores técnicas de limpeza para cada tipo de costa e recollelas nun atlas de limpeza específico para o ámbito de actuación do Plan.

O Capítulo V Anexo Atlas de limpeza contén unha guía con información clara e sinxela acerca das distintas técnicas de limpeza que poden ser empregadas nas costas galegas, orientando ao xestor na escolla das máis axeitadas ao tipo de costa onde se produciu a contaminación. O documento está estruturado en seis capítulos que abarcan a clasificación das zonas en función da súa sensibilidade ambiental, os tipos e alcance dos vertidos co fin de homoxeneizar a avaliación do grado de afectación das zonas, as pautas para o recoñecemento *in situ* da afectación, os aspectos organizativos das

labores de resposta, as distintas técnicas de limpeza en función da costa e a cartografía das técnicas de limpeza recomendadas ao longo do litoral galego.
Do mesmo xeito que no caso das operacións no mar, os labores de resposta en terra contarán cunha xestión axeitada dos residuos que se recollan intentado ca súa segregación e almacenaxe temporal facilite o seu reciclado na medida do posible.

5.1. Participación do voluntariado ambiental en terra

Cando ten lugar unha continxencia é habitual que a poboación tanto local como de outras zonas queira contribuír dalgunha maneira a paliar os efectos negativos que a mesma poda ter para o entorno. Esta asistencia por parte do voluntariado pode ser unha ferramenta moi útil para determinadas operacións xa que da acceso a un gran número de persoas de forma rápida. Non obstante, existen numerosas consideracións que deben facerse antes de utilizar esta opción para que a mesma non xere máis problemas que beneficios.
É importante que o marco de actuación e o papel a desempeñar polo voluntariado sexa coñecido tanto polos responsables da xestión do operativo de resposta como polas persoas voluntarias. Só así pode ter éxito a participación do voluntariado evitando errores e conflitos que poidan lastrar o operativo.
No primeiro lugar, debe considerarse a seguridade das persoas voluntarias, polo que a súa tarefa debe quedar sempre relegada ás operacións que non supoñan un risco importante para o persoal. Ademais, todas as persoas voluntarias deben contar cun equipo de protección individual acorde ás tarefas que vaian a desenvolver e ter formación específica para o traballo a levar a cabo.
O Plan Camgal contempla a participación de persoal voluntario baixo a supervisión do/da coordinador/a de operacións en terra e segundo os requisitos establecidos no protocolo contido no Capítulo V Anexo Voluntariado terra.

5.2. Avaliación da liña costeira (SCAT)

Á hora de afrontar a resposta na liña de costa é fundamental avaliar o seu estado e como este va evolucionando ao longo do tempo, xa que así poderanse establecer os obxectivos, prioridades e restricións segundo se empregan as técnicas escollidas. O emprego da técnica SCAT (*Shoreline Coast Assesment Technique*) sirve de apoio ao proceso de planificación, toma de decisións e implementación da resposta en costa.
O Plan Camgal conta cunha ferramenta informática específica para o emprego desta técnica de gran utilidade á hora de elaborar o informe SCAT.
A guía desenvolvida por IPIECA SCAT contén unha relación de boas prácticas para levar a cabo a avaliación da liña de costa mediante a técnica SCAT.

5.3. Xestión de residuos

Habitualmente as tarefas de recollida e de limpeza tras un vertido xera rapidamente unha gran cantidade de residuos que con frecuencia son mesturas de substancia contaminante e area ou grava que agrandan o volume dos mesmos. En ocasións, a xestión destes residuos pode supor un dos maiores desafíos nos labores de resposta. Polo tanto, é importante contar cunha boa organización da xestión dos residuos ao longo de toda a cadea, establecendo se fora necesario lugares de almacenamento temporal cunha boa segregación dos mesmos que facilite o seu tratamento a *posteriori* polo xestor autorizado.
Na guía elaborada por IPIECA Residuos pódense atopar unha relación de boas prácticas na xestión de residuos xerados durante a continxencia.

5.4. Espazos Naturais protexidos de Galicia

Cando a continxencia teña lugar nun espazo natural protexido farase especial fincapé en protexer os valores do patrimonio natural polos que a zona foi declarada de interese para a súa protección. A Dirección Xeral de Patrimonio Natural marcará as prioridades de intervención que sexan máis respectuosas con ditos valores.

5.4.1. Plan Illas Atlánticas

O Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia é o espazo galego que conta cunha maior figura de protección derivada da necesidade de preservar os seus valores medioambientais. As peculiaridades que presentan os arquipélagos que compoñen esta contorna, así como a estrutura organizativa e de medios específica do Parque, fan necesario abordar as continxencias que xurdan nel dun xeito axeitado. O Plan Camgal conta cun Plan específico denominado Plan Illas Atlánticas que recolle a estrutura de resposta en caso de que unha vertedura ameace ou alcance este singular espazo costeiro.
O Capítulo V Anexo Plan *Illas Atlánticas* conten dito plan.

5.5. Xestión da fauna afectada

A fauna das zonas costeiras pode verse afectada pola contaminación producida durante a continxencia. Estes impactos poden ter consecuencias medioambientais dependendo da especie afectada e da época do ano na que nos encontremos. Ademais de que habitualmente xeran un gran impacto na percepción da sociedade. Nestes casos convén que os coordinadores da resposta planifiquen coa maior celeridade

posible, a xestión da fauna afecta a través dos axentes e entidades con experiencia na materia.

As actuacións prioritarias de protección da fauna irán encamiñadas a:

- valorar o dano producido durante o vertido sobre as poboacións de aves, que se desenvolverá nas seguintes fases: procura de aves afectadas en praias, identificación da zona fonte de aves afectadas e exame de aves mortas para recompilación de información
- recollida e rehabilitación de fauna afectada viva nos centros de recuperación específicos para elo.

O Capítulo V Anexo Fauna contén a guía desenvolvida pola DX de Patrimonio Natural. A guía desenvolvida por IPIECA Fauna contén tamén recomendacións a este respecto.

6. TOMA DE MOSTRAS

Na maioría dos casos nos que se produce un vertido é necesario responder a cuestións como quen foi o autor da vertedura ou que propiedades físico químicas ten a substancia vertida. A recollida de mostras constitúe o primeiro paso no proceso de obtención de información que facilitará a toma de decisións durante o operativo de resposta.

A fiabilidade dos datos obtidos a partir das mostras depende de múltiples factores entre os que figuran a correcta toma de mostras, a preservación das mesmas, a correcta etiquetaxe e a custodia axeitada que manteña a validez das probas ante un eventual proceso xudicial. É importante, polo tanto, que o persoal que recolla as mostras estea autorizado para facelo e teña os coñecementos necesarios para asegurar que o proceso se realiza de forma axeitada.

Co fin de establecer as pautas para unha correcta toma de mostras nos episodios de contaminación accidental no litoral galego, o Plan Camgal recolle no Capítulo V Anexo Toma de mostras un manual deseñado para dar apoio ao persoal autorizado encargado da mesma. No manual descríbense as técnicas e os materiais axeitados que deben empregarse na toma de mostras para a súa posterior análise no laboratorio, así como a documentación necesaria que debe de acompañar á mostra para dar validez legal ao proceso e facilitar a interpretación dos resultados.

A información no manual está organizada en tres bloques que conteñen as consideracións xerais a ter en conta, as técnicas de mostraxe en función das características da substancia vertida e os aspectos relacionados coa xestión das mostras e a documentación acompañante.

7. COMUNICACIÓN DA INFORMACIÓN Á POBOACIÓN

O gabinete de comunicación definirá para cada continxencia, baseándose nun plan de comunicación previo, a estratexia de comunicación máis axeitada. Todo o persoal involucrado na resposta deberá coñecer dita estratexia co fin de non entorpecer a comunicación da información relativa á continxencia cara á poboación afectada. Esta estratexia terá en consideración que:

- unha poboación ben informada ten maior capacidade de reaccionar e actuar correctamente ante os riscos que a ameazan o que repercute nunha diminución dos danos socioeconómicos
- a comunicación á poboación debe chegar o máis axiña posible e debe ser transparente, comprensible e conter o que se coñece da continxencia, o que se descoñece dela e as accións que se están a desenvolver para facer fronte á mesma e as recomendacións necesarias para a protección da saúde da poboación, dos seus recursos e do medio ambiente
- a comunicación debe ser coordinada entre autoridades, técnicos e expertos co fin de incrementar a coherencia e aumentar a confianza na mesma por parte da poboación afectada
- dispoñer dun contacto onde se poda encontrar toda a información actualizada facilita a difusión da mesma
- a poboación é un elemento importante na vixilancia da situación.

A comunicación deberá basearse nos seis principios definidos para unha comunicación efectiva nos momentos de crise:

1. Sexa o primeiro: as crisis son sensibles ao tempo. Comunicar información rapidamente é, case sempre, importante. Para os membros do público, a primeira fonte de información convértese na fonte preferida.
2. Teña razón: a precisión establece credibilidade. A información pode incluír o que se sabe, o que non se sabe e o que se está a facer.
3. Sexa críbel: a honestidade e a veracidade non deben verse comprometidas durante a crise.
4. Exprese empatía: as crises crean dano e o sufrimento debe recoñecerse con palabras. Abordar o que senten as persoas e os desafíos que enfrontan, xera confianza e relación.
5. Promova a acción: dar ás persoas cosas significativas para facer calma a ansiedade, axuda a restablecer a orde e promove a restauración do control.
6. Mostre respecto: a comunicación respectuosa é particularmente importante cando as persoas se senten vulnerables. A comunicación respectuosa promove a cooperación e a relación.

As redes sociais son un elemento fundamental para a comunicación coa poboación e deben de estar en consonancia cos seis principios anteriores. Deben de estar preparadas anteriormente para usarse con soltura e rapidez durante a continxencia, e para que a poboación teña nelas a percepción dunha fonte fiable de información.

8. RECOLLIDA DE EVIDENCIAS PARA A XESTIÓN DE COMPENSACIÓNS

Os vertidos accidentais de substancias contaminantes no litoral provocan importantes danos nos ecosistemas costeiros. A restauración destes ecosistemas supón un elevado custe para as entidades responsables da xestión dos espazos afectados e non sempre se logra devolvelos ao estado anterior ao vertido.

Por outra parte, este tipo de episodios xera perdas económicas nos distintos sectores produtivos, que ven afectada a súa actividade habitual pola necesidade de suspender a explotación, danos aos equipamentos, instalacións e estruturas, perda de clientes e diminución de prezos, entre outros.

A responsabilidade civil xurde nas relacións entre particulares e é esa figura legal a que obriga ao causante dun dano a indemnizar polo dano causado. España, ao igual que outros países, desenvolveu lexislación propia para atender a este tipo de situacións no seu territorio, a través de distintos mecanismos legais que establecen a obriga de reparar o dano e compensar ás entidades e ás persoas afectadas. Non obstante, as medidas de indemnización nacionais resultan insuficientes para cubrir todas as situacións posibles, xa que moitos dos vertidos contaminantes prodúcense en augas internacionais ou fora do ámbito de aplicación da lexislación estatal ou comunitaria, aínda que as súas consecuencias afecten ás augas e territorios nacionais.

A escala internacional encontramos un amplo consenso sobre a importancia de establecer a responsabilidade obxectiva (*strict liability*) para a contaminación mariña, sexan os contaminantes hidrocarburos ou SNPP. O principio de responsabilidade obxectiva implica que as obrigas contráense independentemente da existencia de culpa, dolo ou neglixencia.

Co fin de axudar na recolla de evidencias válidas na xestión de compensacións, o Plan Camgal recolle no seu Capítulo V Anexo Recollida de evidencias unha guía encamiñada a facilitar ás entidades afectadas por un vertido accidental no medio mariño a presentación de reclamacións destinadas a obter unha compensación económica pólos danos sufridos. A guía está baseada nos manuais publicados por distintos organismos relevantes na materia como son os Fondos internacionais de indemnización de danos debidos á contaminación por hidrocarburos (FIDAC segundo as siglas inglesas) e a Axencia europea de seguridade marítima (EMSA segundo as siglas inglesas) entre outros.

9. FIN DAS ACTUACIÓNS

Existe a idea xeral de que a costa debe volver á súa condición previa á continxencia para dar por finalizada a mesma. Aínda que pode pensarse que esta idea é a máis acertada, non sempre é alcanzable ou incluso é innecesaria nun tempo corto. A primeira fase durante a emerxencia é a que máis eficaz resulta, retirando a maior parte da substancia vertida. As operacións a realizar durante as fases posteriores, deben ser avaliadas en cada caso concreto, tendo en conta factores de uso da zona, localización, época do ano, características medioambientais, etc., e facendo un balance esforzo resultado para poder escoller a resposta máis axeitada. En algúns casos, especialmente no inverno nas zonas máis expostas, a limpeza natural mediante a forza do mar pode ser a mellor opción, mentres que unha praia turística no verán pode requirir dun maior detalle na limpeza.

En calquera caso, o fin das operacións directas de resposta non é óbice para que o seguimento da evolución da zona non sexa alongado no tempo incluso moitos meses despois de terse ocasionada a continxencia.

Unha vez dadas por concluídas as operacións de resposta, os responsables da mesma deberán elaborar un informe no que se reflicta, na medida do posible, a efectividade das accións de resposta e dos materiais e maquinaria empregada nas mesmas, a necesidade de reposición do material empregado, as recomendacións de accións de mellora, as leccións aprendidas e os custes incorridos durante a resposta. Ditos informes serán remitidos á dirección do Plan, quen co apoio da UDAC o terá en conta nas revisións periódicas do Plan Camgal.

Capítulo VI

Contido

1. Catálogo de medios e recursos adscritos ao Plan Camgal 2
1.1 Medios e recursos propios adscritos ao grupo de resposta no mar 2
1.2 Medios e recursos propios adscritos ao grupo de resposta en terra 2
1.3 Medios e recursos adicionais 3
2. Formación 3
3. Adestramento 4
3.1 Modalidades de exercicios 4
3.1.1 Exercicios de notificación 4
3.1.2 Exercicios de escritorio 5
3.1.3 Exercicios de despregue de equipos 5
3.1.4 Exercicios de xestión do incidente 5
3.2 Programa de adestramento 6
3.2.1 Periodicidade dos exercicios 6
3.2.2 Avaliación dos exercicios 6
4. Implantación, difusión e información 7
5. Recursos financeiros 7

A dirección do Plan Camgal promoverá as actuacións necesarias para a súa implementación e mantemento co fin de posibilitar o desenvolvemento e operatividade do mesmo en todo seu ámbito. Neste senso, a dirección fomentará a dotación de medios e recursos adscritos ao Plan, a elaboración dun programa de formación e adestramento do persoal involucrado na resposta e a implantación, difusión e información dos contidos do Plan cara aos organismos e entidades participantes.

1. CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS ADSCRITOS AO PLAN CAMGAL

Os medios e recursos adscritos ao Plan Camgal recollidos no Catálogo de medios, constitúen a base dos elementos dispoñibles para a atención das continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia. O catálogo é un medio dinámico e flexible con capacidade para prestar o apoio necesario ao CECOP en situacións de emerxencia en calquera nivel. No catálogo recóllense tódolos recursos humanos e materiais tanto de carácter móbil como de carácter fixo que permiten afrontar con maior axilidade as tarefas de resposta ante un episodio de contaminación mariña accidental. O mantemento e a actualización do catálogo é responsabilidade da Consellería con competencias na materia de loita contra a contaminación mariña a cal, poderá facilitar o acceso aos datos daqueles servizos de carácter público cuxo coñecemento sexa necesario para a xestión das posibles continxencias.

Así mesmo, a dirección do Plan Camgal encargará a revisión periódica do material e dos equipos adscritos ao mesmo para avaliar o estado do material e a súa adecuación tecnolóxica.

1.1. Medios e recursos propios adscritos ao grupo de resposta no mar

Os grupos operativos de resposta no mar teñen adscritos especificamente todos os medios de loita contra a contaminación mariña accidental dos que dispón a Consellería do Mar, entre os que cabe destacar os adscritos á Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia, Portos de Galicia e INTECMAR.

A base loxística de loita contra a contaminación mariña situada no Porto de Tragove constitúe o centro activo de almacenamento de equipos de resposta no mar, establecido co fin de proporcionar unha utilización racional dos medios materiais existentes para a loita contra a contaminación mariña accidental e facilitar o mantemento destes.

Dotarase de material de loita contra a contaminación mariña no mar a distintos portos de interese da Comunidade Autónoma de Galicia, o cal localizarase en contedores ou noutras instalacións físicas que se dispoñan para estes efectos.

1.2. Medios e recursos propios adscritos ao grupo de resposta en terra

Os grupos operativos de resposta en terra teñen adscritos especificamente todos os medios de loita contra a contaminación accidental e protección do patrimonio natural e da biodiversidade dos que dispón a Consellería de Medio Ambiente,

Territorio e Vivenda, entre os que cabe destacar os adscritos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e a Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Así mesmo, a entidade pública Augas de Galicia ten a disposición do Plan Camgal o apoio e medios da súa gardería fluvial e do plan de control de vertidos.

1.3. Medios e recursos adicionais

En función da natureza e gravidade da continxencia, os grupos de resposta poderán contar con medios e recursos adicionais entre os que se encontran:

- persoal e medios das empresas que manteñan coa Administración galega un contrato de prestación de servizos para os traballos de loita contra a contaminación
- os medios adscritos ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana segundo o descrito no convenio asinado na materia de salvamento marítimo, loita contra a contaminación mariña e seguridade no ámbito pesqueiro
- os medios adscritos aos concellos segundo o descrito no seus Plans Locais de continxencias
- os medios dos que dispoñan os profesionais do mar segundo o descrito na guía recollida no Capítulo V Anexo Voluntariado no mar
- as persoas voluntarias nas tarefas de limpeza segundo o descrito na guía recollida no Capítulo V Anexo Voluntariado terra.
- outros medios que se estimen oportunos nas tarefas de resposta

2. FORMACIÓN

A formación do persoal implicado no Plan deberá ser un labor continuado. A dirección do Plan asegurarase de que os distintos integrantes na resposta teñen a formación necesaria para facer fronte as emerxencias. A formación contemplará a difusión cara os interesados, da estrutura e funcións dos órganos de dirección e de coordinación definidos no Plan. No caso dos grupos de resposta no mar e en terra, serán os/as coordinadores/as de operacións os encargados da difusión e adestramento dos seus grupos nos procedementos contemplados no Plan.

Mención especial farase na formación en Prevención de Riscos Laborais na que o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), como órgano técnico da Xunta de Galicia na materia, colaborará coa dirección do Plan Camgal no asesoramento dos aspectos relacionados.

A dirección do Plan revisará anualmente as necesidades de formación do persoal e

fomentará a participación do persoal involucrado no Plan en cursos de formación e adestramento co obxectivo final de familiarizarse con o manexo de equipos, técnicas e protocolos de resposta ante emerxencias de contaminación mariña accidental.

3. ADESTRAMENTO

A proba final do Plan Camgal mídese durante unha emerxencia real, polo tanto, a súa implementación debe de incluír un programa de adestramento continuo para probalo con exercicios reais. Este programa de exercicios debe preparar progresivamente aos grupos de resposta para executar eficientemente exercicios reais de todos os riscos contemplados no Plan de Continxencias e poñer en proba o plan, os equipos e os medios dispoñibles.

3.1. Modalidades de exercicios

Co obxectivo de cubrir todos os aspectos operativos da intervención nas continxencias, así como adestrar a todo o persoal involucrado na resposta para que no momento da crise os protocolos de actuación sexan coñecidos e de fácil aplicación, o Plan Camgal contempla distintos tipos de exercicios. As diferentes modalidades están baseadas nas recomendacións da Organización Marítima Internacional e inclúen actividades con distinto grao de complexidade e interacción que permiten por en práctica os diversos aspectos do Plan por separado e axuda á comprensión dos propósitos e alcance do Plan no seu conxunto.

3.1.1. Exercicios de notificación

Son aqueles deseñados para poñer a proba os procedementos de alerta e mobilización dos equipos humanos e materiais involucrados na resposta. Estes exercicios levaranse a cabo por teléfono, Fax, correo electrónico ou calquera outro medio telemático. Serven para testar os sistemas de comunicación, comprobar a dispoñibilidade do persoal e avaliar as opcións e posibilidade do transporte de equipos, así como a capacidade de transmitir información de forma rápida e precisa no momento da incidencia.

A duración dos exercicios non superará as dúas horas e faranse de día ou de noite, con o sen previo aviso.

3.1.2. Exercicios de escritorio

Son aqueles que se desenvolven nun entorno figurado sobre un caso ficticio. O obxectivo principal é o de intercambiar opinións entre os distintos membros do CECOP e non é necesaria a mobilización de equipos. Levaranse a cabo nunha sala ou en varias conectadas telematicamente entre si.

Os exercicios centraranse nas funcións e accións encomendadas aos distintos equipos e nas interaccións entre as distintas partes involucradas na resposta así como na análise das diferentes estratexias de resposta en función do suposto e da zona na que tería lugar. A complexidade do exercicio dependerá do suposto e do número de grupos involucrados no mesmo, podéndose planificar a participación de asesores externos no mesmo.

A duración destes exercicios pode variar dende dúas a oito horas e deberán estar previstos con suficiente antelación para asegurar a maior dispoñibilidade posible do persoal.

3.1.3. Exercicios de despregue de equipos

A función principal destes exercicios é a de asegurar a correcta utilización dos equipos de loita contra a contaminación por parte do persoal involucrado na resposta de acordo coas estratexias fixadas para as distintas situacións. Os exercicios enfocaranse a reforzar as habilidades individuais e de grupo, testando a utilización dos diferentes equipos de resposta, como os equipos de contención e limpeza (barreiras, *skimmers*, EPIs, etc.); as ferramentas de simulación e seguimento (sistemas de modelización, ferramentas SIX, boias de deriva, etc.); as ferramentas de coordinación (aplicacións móbiles, ferramentas Web, sistemas de comunicación, etc.) e outros equipos que puideran empregarse.

A duración destes exercicios pode variar dende as catro ás oito horas.

3.1.4. Exercicios de xestión do incidente

Estes exercicios son os de maior complexidade no senso de que simulan diversos aspectos dun incidente e polo tanto requiren dunha planificación importante no que se refire a dispoñibilidade de persoal, escolla do escenario e materiais necesarios para simular os feitos. Poden ser de alcance limitado cando se emprega só persoal propio do Plan Camgal, ou de gran alcance cando se invita a participantes alleos ao propio Plan Camgal que nas situacións reais tamén poderían estar involucrados.

A duración destes exercicios pode alcanzar os dous días e debido a súa complexidade é recomendable constituír un comité de dirección do mesmo.

3.2. Programa de adestramento

Anualmente a dirección do Plan elaborará un programa de adestramento con exercicios que teñan en conta os distintos escenarios posibles e que no prazo de vixencia do Plan sexan incluídas todas ás zonas do alcance territorial descrito no Capítulo I.

O programa de adestramento será de obrigado cumprimento para o persoal involucrado na estrutura organizativa do Plan e fomentará a participación dos medios adicionais descritos no punto 1.3 como é o caso do voluntariado provinte do sector profesional do mar.

A dirección do Plan informará do programa de exercicios anual ao persoal involucrado na resposta. Así mesmo, escollerá un o varios responsables da coordinación dos mesmos.

3.2.1. Periodicidade dos exercicios

O programa de exercicios do Plan terá unha perioricidade anual e debe contemplar segundo proceda:

- exercicios de notificación
- exercicios de escritorio
- exercicios de despregue de equipos
- exercicios de xestión do incidente.

Así mesmo, poderanse realizar exercicios conxuntos de diferentes modalidades co fin de que aumente a complexidade e o realismo.

3.2.2. Avaliación dos exercicios

A dirección do Plan asegurarase da elaboración por parte dos responsables da coordinación dos exercicios dun informe no que se recollan a lo menos:

- as actuacións e os resultados obtidos durante o exercicio
- avaliación da eficacia dos protocolos de resposta a emerxencia testados durante o exercicio
- proposta de modificacións, se proceden a incorporar nas actualizacións e revisións do Plan

4. IMPLANTACIÓN, DIFUSIÓN E INFORMACIÓN

Co fin de facilitar a implantación e dar difusión e información do Plan Camgal, a dirección do mesmo promoverá actuacións tales como:

- establecer os protocolos, convenios ou acordos necesarios cos organismos e entidades participantes, tanto para concretar as actuacións como para asignar medios ou asistencias técnicas
- asegurar a designación e nomeamento dos compoñentes do Comité de Dirección, e se compre, do Comité Técnico Asesor, dos grupos operativos de resposta e das unidades de apoio, así como determinar os sistemas para a súa localización
- comprobar a dispoñibilidade dos medios e recursos adscritos ao Plan
- asegurarse que os contidos do Plan son coñecidos por todo o persoal involucrado no mesmo
- realizar campañas de información e divulgación as entidades locais, asociacións de profesionais e organizacións afectadas polo Plan, recollendo as súas suxestións
- elaborar programas de colaboración cos concellos costeiros co fin de proporcionar os datos básicos necesarios para un adecuado desenvolvemento dos Plans locais
- colaborar, no que proceda, no asesoramento para o desenvolvemento dos Plans Interiores Marítimos
- garantir que os procedementos de organización e actuación previstos no Plan sexan operativos, adoptando as modificacións necesarias

5. RECURSOS FINANCEIROS

O Plan Camgal financiarase mediante a aplicación dos seguintes recursos:

- as dotacións previstas para este fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia
- os fondos e transferencias que por razóns de auxilio e urxente necesidade poidan ser achegados polas administracións públicas

Capítulo VII

Contido

1. Introdución 1
2. Elaboración dos plans locais e interiores marítimos 2
3. Contido dos plans locais e interiores marítimos 3
4. Órganos de dirección e resposta dos plans locais e interiores marítimos 4
5. Fases e situacións de emerxencia 5
6. Procedemento de notificación da activación dos plans locais e dos plans interiores marítimos 7
7. Coordinación dos plans locais e interiores marítimos con outros plans 8
8. Colaboración para a elaboración dos plans locais e interiores marítimos. 9
9. Trámites para a aprobación dos plans locais e interiores marítimos. 9

1. INTRODUCIÓN

A implicación na resposta tanto dos concellos costeiros como dos portos e das instalacións situadas no litoral, que son susceptibles de provocar un episodio de contaminación mariña, é de vital importancia para articular unha resposta global e coordinada. Neste sentido, o Sistema Nacional de Resposta aprobado polo Real Decreto 1695/2012, de 21 de decembro, integra na base dos dous subsistemas, costeiro e marítimo, os plans de ámbito local e os plans interiores marítimos. Neste marco, e co fin de facilitar e homoxeneizar a integración na resposta, o Plan Camgal ven a regular neste capítulo a elaboración dos plans locais de protección da ribeira do mar (en adiante plans locais) e dos plans interiores marítimos tanto das instalacións industriais, como dos portos situados no ámbito costeiro galego.

2. ELABORACIÓN DOS PLANS LOCAIS E INTERIORES MARÍTIMOS

Os plans de continxencia aquí regulados, son aqueles nos que se establecen as normas e procedementos básicos de actuación, a estrutura de organización e o sistema de resposta fronte a un episodio de contaminación mariña accidental que se produza no ámbito, ben dos concellos costeiros, ben dos portos situados na Comunidade Autónoma de Galicia ou ben daquelas instalacións que pola súa proximidade a costa poidan provocar un suceso de contaminación mariña.

Elaboración e aprobación dos diferentes plans de continxencia:

- Os plans locais serán elaborados e aprobados pola administración local competente e serán informados e homologados pola Comunidade Autónoma de Galicia. Da aprobación destes plans darase coñecemento á Delegación do Goberno.
- Os plans interiores marítimos dos portos de titularidade estatal situados en Galicia, serán elaborados pola autoridade portuaria correspondente e aprobados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, previo informe da Capitanía Marítima e da Comunidade Autónoma de Galicia o cal será vinculante no que afecte á parte costeira. Da aprobación destes plans darase coñecemento á Delegación do Goberno.
- Os plans interiores marítimos das instalacións situadas no ámbito dos portos de titularidade estatal, serán elaborados polas empresas a cargo dos mesmos e aprobados pola Capitanía Marítima correspondente, previo informe vinculante da Comunidade Autónoma de Galicia no que afecte á zona costeira e da autoridade portuaria correspondente, quen ademais os terá en conta para a elaboración do seu propio plan interior marítimo. Da aprobación destes plans darase coñecemento á Delegación do Goberno.
- Os plans interiores marítimos dos portos de titularidade autonómica, serán elaborados polo ente público Portos de Galicia e aprobados pola Comunidade Autónoma de Galicia, previo informe vinculante da Capitanía Marítima correspondente. Da aprobación destes plans darase coñecemento á Delegación do Goberno.
- Os plans interiores marítimos das instalacións situadas fora do ámbito portuario de titularidade estatal, serán elaborados polas empresas a cargo dos mesmos e aprobados pola Comunidade Autónoma de Galicia, previo informe vinculante da Capitanía Marítima correspondente e do ente público Portos de Galicia, no caso de que a instalación se atope dentro do seu ámbito de competencia, quen ademais os terá en conta para a elaboración do seu propio plan interior marítimo. Da aprobación destes plans darase coñecemento á Delegación do Goberno.

3. CONTIDO DOS PLANS LOCAIS E INTERIORES MARÍTIMOS

O Plan Camgal co fin de garantir unha terminoloxía e indicadores homoxéneos e de acordo ás directrices do Sistema Nacional de Resposta, establece o seguinte contido mínimo para todos os plans de continxencia por contaminación mariña accidental no ámbito galego:

1. **Ámbito de aplicación**: alcance, casuístico e xeográfico no que ten actuación o plan
2. **Análises de riscos e áreas vulnerables**: avaliación dos posibles riscos de contaminación en función das condicións ambientais e das características e condicións de operación das instalacións. Identificación dos elementos e áreas vulnerables a protexer. Nesta análise terase en consideración en todo caso o perigo para as persoas e os distintos tipos de contaminación susceptibles de afectar á área de costa de que se trate.
3. **Determinación das circunstancias de activación**: establecer as fases e situacións de emerxencia que poden darse na base da gravidade do suceso e dos medios materiais e humanos que podan ser necesarios.
4. **Composición e funcións dos órganos de dirección e resposta**: identificar tanto os/as responsables da dirección e coordinación das as operacións que se poñan en marcha, así como os equipos humanos de resposta e os seus cometidos tal e como se define no Sistema Nacional de Resposta. Identificando nun directorio a vía de contacto con eles
5. **Procedemento de notificación**: establecer o protocolo de comunicación de incidencias ás autoridades competentes, o contido das comunicacións, así como a persoa responsable de tal notificación.
6. **Sistema de coordinación con outros plans**: determinar o procedemento de integración ou coordinación do plan con outros de igual ou superior rango, de acordo cos criterios establecidos no Sistema Nacional de Resposta.
7. **Procedemento de actuación**: Definir os protocolos que deberán poñerse en práctica no caso de emerxencia, así como as medidas de emerxencia e resposta inmediata que teñen por obxectivo a prevención e evitación de novos danos e a reparación dos xa producidos.
8. **Circunstancias nas que se declarará o fin da emerxencia**: Determinar cando e quen pode considerar terminado o episodio que causou a continxencia.
9. **Inventario dos medios humanos e materiais dos que dispoñe o plan**: descrición dos grupos de resposta e dos medios como os equipos de protección persoal, material de contención e recollida de derrame, equipos de descontaminación, depósitos e estacións de almacenaxe ou xestión de residuos tóxicos ou perigosos,

entre outros), incluíndo a identificación do lugar ou lugares de depósito e as persoas responsables da súa custodia, mantemento e operación.

10. **Programa de mantemento dos medios materiais dispoñibles**: especificar os períodos de revisión e as operacións de mantemento e as persoas responsables.
11. **Programa de adestramento e exercicios periódicos de simulación de activación do plan**: establecer tanto os cursos teóricos de formación do persoal adscrito ao plan, como os distintos niveis de exercicios prácticos a realizar e a súa frecuencia.
12. **Procedemento de revisión do plan**: Identificar as condicións e prazos para realizar revisións periódicas do mesmo, así como os/as responsables da revisión e do seguimento de resultados na aplicación práctica do plan.

4. ÓRGANOS DE DIRECCIÓN E RESPOSTA DOS PLANS LOCAIS E INTERIORES MARÍTIMOS

O Plan Camgal, seguindo o disposto no Sistema Nacional de Resposta, establece a estrutura dos plans locais e interiores marítimos no ámbito galego que deberán contar cos seguintes órganos:

Órgano	Funcións
Director/a da emerxencia	• Activar e desactivar o plan. • Establecer as liñas xerais de actuación. • Realizar o seguimento dos resultados. • Manter as relacións institucionais.
Comité técnico asesor	• Asesorar á dirección nas materias científicas, técnicas, xurídicas e económicas.
Coordinador/a de operacións	• Dirixir os grupos de resposta que actúan na zona afectada. • Exercer as súas funcións segundo as directrices da dirección.
Grupos de resposta	• Manexar os equipos de loita contra a contaminación. • Recuperar os produtos derramados. • Realizar unha axeitada xestión dos residuos recollidos. • Levar a cabo a limpeza das áreas contaminadas. • Garantir, no posible, a protección da biodiversidade.
Gabinete de relacións públicas	• Manter as relacións cos medios de comunicación. • Difundir os comunicados elaborados pola dirección.

Grupo de apoio loxístico	• Atender as necesidades dos grupos de resposta.

5. FASES E SITUACIÓNS DE EMERXENCIA

A activación dos diferentes plans adecuarase as Situacións descritas no Sistema Nacional de Resposta para episodios de pequena, media e gran magnitude que teñan lugar no ámbito dos diferentes plans, segundo o artigo 7.2 do Real Decreto 1695/2012, de 21 de decembro. Tendo en conta o ámbito de aplicación dos plans que aquí se tratan, estes describirán os seus niveis de resposta dentro da Situación 0 do Sistema Nacional de Resposta.

Os niveis de activación dos plans estableceranse en función da magnitude, perigo (clase e tipo de contaminante e lugar da contaminación), superficie e vulnerabilidade das zonas afectadas e dos medios e recursos dispoñibles para facer fronte á continxencia.

En concreto a activación dos diferentes plans guiarase polas seguintes fases e situacións de emerxencia:

a) Fase de **alerta**: activarase sempre que a criterio da dirección dun determinado plan, exista o risco de producirse algún tipo de contaminación que implique a posta en disposición de actuar dos medios e recursos mobilizables, segundo o ámbito de competencias do plan ou plans dos que se trate e no grado de resposta que corresponda as características do posible suceso.

b) Fase de **emerxencia**: activarase cando producido un suceso de contaminación mariña, a prevención e redución dos danos derivados o que poidan derivarse do mesmo esixa a mobilización dos medios e recursos do plan en cuestión.

- Emerxencia en nivel mínimo: activarase cando teña lugar un episodio de contaminación mariña de pequena magnitude e perigo dentro do ámbito de aplicación do plan.
- Emerxencia en nivel medio: activarase cando teña lugar un episodio de contaminación mariña de magnitude e perigo medio dentro do ámbito de aplicación do plan.

  Así mesmo declararase o nivel medio cando, a pesar de ser un suceso de pequena magnitude, se considere oportuno polas circunstancias de vulnerabilidade da zona afectada ou ameazada.
- Emerxencia en nivel máximo: activarase cando a capacidade de resposta do plan resulte insuficiente para combater a contaminación ou ben cando a contaminación supere os límites do ámbito de aplicación do mesmo.

Niveis de Activación		Sucesos	Actuacións
Alerta		Sucesos que fagan sospeitar que algún tipo de contaminación significativa pode chegar á zona costeira sita no ámbito de aplicación do plan, tanto procedente do mar como de instalacións en terra.	• Observación e vixilancia do episodio. • Procedementos de comunicación e mobilización preparados en estado de alerta. • Activación do/s plans de ámbito inferior correspondente.
Emerxencia	**Nivel mínimo**	Sucesos de pequena gravidade ou extensión que requiran da mobilización de medios operativos adscritos ao plan.	• As do nivel de alerta máis a: • Actuación dos medios adscritos ao plan. • Coordinación das operacións levadas a cabo polos medios adscritos aos plans de ámbito inferior activados. • Comunicación da activación do plan ás unidades e aos organismos correspondentes.
	Nivel medio	Sucesos de contaminación mariña de magnitude e perigo medio ou que pola natureza, gravidade ou extensión da contaminación requiran da mobilización de numerosos medios ou de medios non adscritos ao plan.	• As do nivel mínimo máis a: • Actuación dun maior número de medios adscritos ao plan coa posibilidade de apoio de medios non adscritos ao mesmo.
	Nivel máximo	Sucesos que pola natureza, gravidade ou extensión da emerxencia supere a capacidade de resposta do plan.	• As do nivel medio máis a: • Solicitude de activación do Plan de ámbito inmediatamente superior. • Integración nos órganos de coordinación do Plan de ámbito superior.

6. PROCEDEMENTO DE NOTIFICACIÓN DA ACTIVACIÓN DOS PLANS LOCAIS E DOS PLANS INTERIORES MARÍTIMOS

O tempo de resposta é fundamental nas operacións de salvamento e loita contra a contaminación mariña accidental polo cal é imprescindible a transmisión rápida da alarma e a información dispoñible a todos os organismos involucrados nas operacións de resposta. Desta maneira poderanse adoptar, o antes posible, todas as medidas necesarias para facer fronte á emerxencia. A activación dos diferentes plans de continxencias referidos neste capítulo farase segundo os seguintes criterios:

a) Os plans locais serán activados pola persoa responsable da dirección do mesmo no grado de resposta axeitado. A activación en fase de emerxencia dun plan local suporá a declaración en fase de alerta do Plan Camgal.

b) Os Plans Interiores Marítimos serán activados pola persoa responsable dos mesmos no grado de resposta axeitado. A activación en fase de emerxencia implicará a declaración da fase de alerta do Plan Marítimo Nacional e das estruturas do subsistema marítimo do Plan Camgal.

O director/a do Plan Camgal ou persoa en quen delegue, pode solicitar a activación dun plan local ou dun plan interior marítimo cando considere que o incidente así o requira para protexer a costa galega afectada.

No caso de activación dalgún dos plans contemplados neste capítulo e co fin de articular unha resposta adecuada e eficaz establécese de acordo co Sistema Nacional de Resposta, o seguinte protocolo de comunicación:

Tipo de plan	A quen comunica
Local	• Director do Plan Camgal a través da Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia (981 544070) e/ou 112. • Delegación do Goberno en Galicia.
Plan Interior Marítimo	• Director do Plan Camgal a través da Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia (981 544070) e/ou 112. • Capitán Marítimo a través da Capitanía Marítima competente por razón de lugar. • Centro de coordinación de Salvamento Marítimo e Loita Contra a Contaminación (CCS-LCC) correspondente por razón de lugar. • Autoridades locais que podan verse afectadas.

A comunicación farase por medios telemáticos debéndose subministrar a lo menos a seguinte información:

- Hora do suceso
- Orixe e causa da contaminación
- Natureza e descrición do axente contaminante
- Extensión da área afectada
- Estimación dos previsibles efectos do suceso e a posibilidade de que se precise o concurso de medios de resposta do Plan Camgal

7. COORDINACIÓN DOS PLANS LOCAIS E INTERIORES MARÍTIMOS CON OUTROS PLANS

Nos casos de activación conxunta dun plan local ou un plan interior marítimo e o Plan Camgal, a coordinación das actuacións corresponderá ao órgano de dirección deste, sen que isto supoña a alteración substantiva nos esquemas básicos organizativos o de funcionamento dos plans locais e interiores marítimos.

Naquelas emerxencias que sexa necesaria a posta en práctica de medidas de protección para a poboación non relacionada cos traballos de recollida do vertido, ou ben o director de plan local o considere necesario, activarase o Plan de Emerxencia Municipal (PEMU), quedando as actuacións de resposta integradas nel. No caso de non ter PEMU aprobado, o director do plan local poderá solicitar a activación do PLATERGA Nivel 1, a través do CAE 112.

Nos casos nos que se activen plans interiores marítimos xunto ao Plan Marítimo Nacional, a coordinación das actuacións corresponderá ao órgano de dirección deste, sen que isto supoña a alteración substantiva nos esquemas básicos organizativos o de funcionamento dos plans interiores marítimos.

Cando estea activado un plan local ou un plan interior marítimo e se necesiten medios adscritos a o Plan Camgal, a persoa titular da dirección do plan local ou do plan interior marítimo poderá solicitar, en virtude do principio de cooperación interadministrativa, a colaboración da Administración autonómica.

Nos casos de emerxencia declarados como Situación 3, a utilización dos medios mobilizados con anterioridade polos plans locais realizarase no marco de actuación do Plan Estatal de Protección da Ribera do Mar contra a Contaminación e seguindo os seus protocolos.

8. COLABORACIÓN PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS LOCAIS E INTERIORES MARÍTIMOS.

O Plan Camgal, a través da Unidade de Documentación e Apoio Científico (UDAC) do INTECMAR, prestará aos concellos e ás instalacións que así o soliciten o asesoramento e colaboración na elaboración dos diferentes plans de continxencia, ao amparo do disposto nos artigos do Capítulo I, do Título III da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público.

Así mesmo, pon a disposición dos concellos toda a información soporte recollida na súa Infraestrutura de Datos Espaciais (IDE) e todos aqueles coñecementos, datos e información do Plan Camgal que poidan ser transferibles a escala local.

Tendo en conta que os plans de continxencia a escala local son o eixo fundamental para que os concellos poidan reforzar os seus mecanismos de resposta ante episodios de contaminación costeira accidental, e co fin de facilitar e homoxeneizar a integración da resposta local na estratexia autonómica global de resposta ante as ameazas derivadas dos episodios de contaminación mariña accidental, a UDAC desenvolveu un modelo básico, posto a dispoñibilidade a través da Web do Plan Camgal (www.plancamgal.gal), para a elaboración dos plans locais no que se recollen os distintos apartados que debe conter un plan local.

9. TRÁMITES PARA A APROBACIÓN DOS PLANS LOCAIS E INTERIORES MARÍTIMOS.

O Plan Camgal de acordo co descrito no Sistema Nacional de Resposta ante a contaminación mariña establece os seguintes requisitos para a tramitación dos plans locais e interiores marítimos con ámbito de aplicación na costa galega:

- As autoridades locais remitirán para o seu informe, previo a súa aprobación; unha copia en formato electrónico á Administración autonómica a través do Director/a do Plan Camgal na Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia.
- Unha vez informado favorablemente pola Administración autonómica a través do Director/a do Plan Camgal e co fin de proceder a homologación do Plan local do concello, a administración local deberá remitir unha copia asinada en formato electrónico do seu plan local aprobado á Administración autonómica a través do Director/a do Plan Camgal na Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia.
- Co fin de que a Comunidade Autónoma de Galicia poida informar de xeito vinculante na parte costeira os Plans Interiores dos Portos de titularidade estatal, a Autoridade Portuaria correspondente fará chegar á Administración autonómica a través do Director/a do Plan Camgal na Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia unha copia asinada en formato electrónico destes plans.

- O ente público Portos de Galicia deberá remitir, para a súa aprobación, unha copia asinada en formato electrónico dos Plans interiores marítimos dos seus Portos á Administración autonómica a través do Director/a do Plan Camgal na Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia quen solicitará un informe vinculante a Capitanía Marítima competente.

- Co fin de que a Comunidade Autónoma de Galicia poida informar de xeito vinculante na parte costeira os Plans interiores marítimos das instalacións dentro do ámbito de portos de titularidade estatal, a Capitanía Marítima correspondente fará chegar á Administración autonómica a través do Director/a do Plan Camgal na Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia unha copia asinada en formato electrónico destes plans.
- Co fin de proceder a súa aprobación, as empresas a cargo das instalacións situadas fora do ámbito de portos de titularidade estatal deberán remitir unha copia asinada en formato electrónico do seu plan á Administración autonómica a través do Director/a do Plan Camgal na Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia quen solicitará un informe vinculante tanto a Capitanía Marítima como ao ente público Portos de Galicia no caso de que a instalación atópese dento do ámbito dalgún dos seus portos.

Capítulo VIII

Contido

1. Vixencia 1
2. Revisións 2
2.1. Comisión de revisión 2
2.2. Aprobación do texto revisado 2
3. Actualizacións 3

1 VIXENCIA

Segundo o previsto no artigo 6 do Decreto 135/2016, do 6 de outubro, polo que se regulan a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia, o Plan Camgal unha vez aprobado terá unha vixencia de cinco anos e será sometido a revisión antes de que remate o dito prazo.

O Plan debe de manter a súa utilidade ao longo do tempo garantindo que os procedementos de actuación previstos sexan operativos, adoptando as modificacións necesarias nas materias relacionadas co mesmo. En función da natureza, magnitude e repercusión das modificacións considéranse dous procesos diferenciados: as revisións e as actualizacións.

2 REVISIÓNS

Antes de que transcorran cinco anos dende a aprobación do Plan Camgal, ou sempre que se estime oportuno por razóns de forza maior, a dirección do mesmo levará a cabo as actuacións pertinentes para a súa revisión.

2.1 Comisión de revisión

A presidencia do Plan ordenará á persoa encargada da dirección a creación dunha comisión encargada de realizar os traballos de revisión e seguimento de resultados na aplicación práctica do Plan segundo as seguintes premisas:

- Os/as coordinadores/as de operacións formarán parte da comisión na que estarán tamén representadas todas as administracións implicadas no Plan Camgal.
- A comisión estará coordinada pola persoa responsable da Unidade de Documentación e Apoio Científico do INTECMAR que será a encargada de presentar o texto revisado á dirección do Plan.
- A comisión poderá utilizar calquera medio telemática para o desenvolvemento do seu traballo.
- A comisión avaliará as recomendacións de mellora recollidas nos informes finais de actuación das continxencias que tiveran lugar durante o período de vixencia. Así mesmo, considerará as recomendacións recollidas nos informes de avaliación dos exercicios levados a cabo segundo os programas de adestramento no período de vixencia.
- A comisión incorporará no novo texto os cambios lexislativos oportunos así como calquera outra modificación que supoña unha mellora na aplicación práctica do Plan.
- A comisión asegurarase de que o texto revisado conteña todas as actualizacións realizadas ao longo da vixencia do Plan.
- Unha vez revisado o texto, dirección do Plan co apoio do/da coordinador/a da Unidade de Documentación e Apoio Científico, presentará o novo texto á consellería competente na materia de loita contra a contaminación mariña accidental dentro dos tres meses anteriores ao vencemento do Plan Camgal vixente.

2.2 Aprobación do texto revisado

A consellería competente na materia de loita contra a contaminación mariña accidental levará a cabo as accións necesarias para que o novo texto do Plan Camgal

elaborado pola comisión de revisión sexa aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia.

A dirección do Plan co apoio do/da coordinador/a da Unidade de Documentación e Apoio Científico, será a responsable de custodiar as copias orixinais do Plan vixente.

3 ACTUALIZACIÓNS

Co obxectivo de que o Plan sexa un documento dinámico e áxil na súa operatividade, ademais das revisións periódicas establecidas no punto anterior, o Plan Camgal poderá ser actualizado en calquera momento, por proposta das administracións implicadas nel, como consecuencia dos cambios lexislativos que obriguen á actualización deste ou dos avances tecnolóxicos ou melloras que se produzan na loita contra a contaminación mariña. As actualizacións levaranse a cabo segundo as seguintes premisas:

- As actualizacións non suporán cambios na estrutura e organización do Plan.
- A Unidade de Documentación e Apoio Científico do INTECMAR recompilará baixo a supervisión das persoas responsables da coordinación de operacións toda a documentación técnica, científica e operacional no ámbito da contaminación mariña accidental que puidera repercutir nunha mellora para o Plan Camgal e a incorporará axeitadamente ao texto vixente presentándoo a dirección do Plan.
- A persoa responsable da dirección do Plan aprobará as actualizacións que estime oportunas informando das mesmas ao/á presidente e demais integrantes do Plan.